Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 171. Maio 2020. Distribución gratuíta

O comercio de Melide reabre con todas as medidas de seguridade para tentar volver á normalidade

Trala parálise de case dous meses a causa da pandemia do virus do COVID-19, comercio e empresas da comarca volven a abrir as súas portas co obxectivo de recuperar pouco a pouco a normalidade.

Máscaras de protección, pantallas protectoras, luvas e xel desinfectante están a ser os grandes aliados de comerciantes e usuarios nesta loita contra o coronavirus. Dende o luns 11 de maio Galicia está en Fase 1, o que permitiu a apertura do pequeno comercio; pero antes foron moitos días pechados.

En Cerne repasamos o que deu de si o tempo de confinamento, como afectou de forma especialmente grave a certos sectores como o turismo e a hostalería e, sobre todo, recollemos algúns exemplos das múltiples iniciativas solidarias que foron xurdindo ante esta crise sanitaria.

EMPRESA
Concello e Asetem facilitan a venda online ás empresas P4

EMPRESA
Sectores en situación crítica P10

MELIDE
O Concello non cobrará as taxas das terrazas á hostalería P14

COMARCA
A desescalada en imaxes P18

CULTURA
O Museo de Melide abrirá en xuño P20

ENTREVISTA
María Jesús Vázquez, *Espomasa Poliuretanos* P23

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA
ESPOMASA
POLYURETHANE FOAM INDUSTRY

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE
30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca
www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Á espera da seguinte fase

Pensamos cen titulares para este editorial e chegamos á conclusión de que en realidade pasamos por varias fases... como tamén acontece agora coa famosa desescalada. Da incredulidade ao medo, do medo á desesperación, da desesperación ao abandono, do abandono á incerteza...

Non sabemos como rematará isto, como verdadeiramente nos afectará a cada un de nós, como volverá a ser o noso día a día; máis se algo podemos sacar en claro de toda esta situación, son dúas cuestións das que si estamos totalmente seguros. A primeira, que nunca se debeu desmantelar a sanidade pública; e a segunda, en situacións críticas a solidariedade varre ao egoísmo.

Tivo que chegar unha pandemia para poñer aínda máis de relevo as fendas e a debilidade do noso sistema sanitario, a falta de medios, de persoal... Atónitos asistimos ao chamamento de médicos e enfermeiros para que se incorporasen ao traballo, e máis atónicos aínda asistimos á rescisión do seu contrato unha vez "estabilizada" a situación.

Curiosamente o domingo 9 de febreiro tivo lugar unha manifestación en defensa da sanidade pública galega, contra o deterioro da atención primaria e o desmantelamento e peche de servizos nos hospitais públicos, contra as listas de espera, contra a precariedade do persoal da sanidade pública; ese persoal ao que durante semanas saímos a aplaudir ás oito da tarde e que sen medios non dubidou á hora de poñerse en primeira liña para combater este virus. E agora que? De volta á casa? Negámonos a aceptar que esa sexa unha solución.

Temos ante nós –os gobernos teñen–, a gran oportunidade de cambiar este modelo baseado única e exclusivamente nos recortes para acadar o beneficio económico duns poucos. Era e é insostible este modelo e quedou de manifesto; de aí a obriga, máis que a necesidade, de blindar dunha vez por todas a sanidade pública.

A outra certeza que podemos sacar de todo isto pasa pola solidariedade (ben entendida claro, non como un acto de beneficencia que substitúa os nosos dereitos).

En Melide, na comarca, en Galicia, en todas partes foron numerosos os exemplos de iniciativas desinteresadas. Certo é que sempre hai algún personaxe incívico, pero as iniciativas altruístas gañaron por maioría a ese egoísmo moi propio tamén de situacións excepcionais.

Particularmente axudamos aos nosos veciños, aos nosos maiores e aos máis pequenos a pasar o confinamento. Tamén as empresas, grandes e pequenas, puxeron a disposición dos máis necesitados o seu material, adaptaron en tempo récord a súa produción a bens indispensables como son as máscaras de protección e xeles desinfectantes. Organizacións como Cáritas chamaron á solidariedade e a xente respondeu.

Son poucas liñas para enumerar a cantidade de iniciativas xurdidas en poucos meses e para agradecer toda esa solidariedade. Xente coñecida, persoas anónimas, pequenos autónomos, grandes empresas, a todos e cada un deles GRAZAS. Grazas por dar resposta nos peores momentos e cando máis se necesita mentres seguimos á espera da seguinte fase.

Tribuna de opinión

En beneficio de todos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Non atravesaba o comercio polo seu mellor momento, de feito no número de marzo deste xornal pediamos a volta a un período regulado de rebaixas para poder estar nun mínimo de igualdade de condicións coas grandes superficies. Pero pese a non ser o mellor momento, o sector sobrevivía. Días máis tarde chegou o peor dos escenarios, houbo que pechar.

E pechamos, con todo o que iso supuxo e vai supoñer para autónomos e pequenas empresas; que nalgún caso xa non se volvan a abrir as portas.

Botamos en falta máis coordinación por parte das administracións e, todo hai que dicilo, axudas reais e efectivas cando máis se necesitan. Non pode ser que se anuncien diferentes prestacións económicas para axudar aos autónomos, e que por un requisito ou outro sexa imposible acceder ás mesmas. Por non falar da exoneración da cota de autónomos que xa debería ser unha das primeiras medidas.

Puxémonos as pilas e tratamos de buscar alternativas, como a venda en liña a través da integración na plataforma Zaska! E nalgúns casos mesmo cambiando o modelo produtivo. Pero non é suficiente, e tampouco é só responsabilidade nosa.

A crise sanitaria do COVID-19 puxo de manifesto un aspecto que todos coñeciamos, e do que a partes iguais nos desentendiamos: a importancia dos pequenos comercios. Administracións e poboación en xeral debemos darlle agora o lugar que lle corresponde.

Non deixemos pasar a oportunidade. Como usuarios merquemos nas tendas e nas empresas do noso pobo, e como administracións velen realmente porque as axudas cheguen a un sector que si o necesita. O beneficio será para todos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Alumnas e alumnos do IES Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López,
Imprenta Meligraf, Eva Novás, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....14
- COMARCA.....16
- CULTURA E LECER 20
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

Unha situación inédita á que houbo que adaptarse si ou si, iso é o que está a supor para todos convivir co virus do COVID-19, e loxicamente tamén para a ***Asociación de Empresarios Terra de Melide*** *que continúa desenvolvendo o seu traballo, aínda que coas medidas e precaucións lóxicas que houbo que adoptar. A xerente de Asetem-CCA, Pilar López, avanza cales son esas medidas, repasa o traballo feito ata o de agora e valora "con optimismo aínda que con cautela" a reapertura dos negocios.*

"As sensacións son boas, pero cautela, porque retomar o consumo previo a esta situación vai ser complicado"

Pilar López
Xerente de Asetem-CCA

Arriba: A maioría dos establecementos asociados a Asetem están abertos dende o luns 11 de maio, cumprindo todas as medidas de seguridade segundo o protocolo establecido
Abaixo: Parte do material de protección que Asetem-CCA repartiu entre os establecementos asociados

- Como se está a traballar dende a Asociación de Empresarios?

- Pilar López (P.L.): Intentando adaptarnos ás novas circunstancias, como todos. Mentres a pandemia persista hai que ser moi precavidos, así que tomamos a decisión de traballar en Asetem con cita previa, máis que nada porque moitas veces estaremos na oficina, pero outras veces estaremos teletraballando. Así que, o teléfono no que poden solicitar a cita previa é o 698 13 23 24, ou incluso tamén no 606 844 969; e para pedila poden chamar en horario de 9.00 a 15.00 horas de luns a venres. Unha vez teñan cita previa poderán achegarse á oficina para consultar todas as súas dúbidas ou xestións necesarias.

- En tempos como os que vivimos de crise sanitaria, e posiblemente crise económica posterior, que papel xoga Asetem?

- P.L.: A ver, si que é certo que igual lle temos que dar unha volta a Asetem, pero se de algo estamos convencidos é de que pertencer á asociación sempre vai a ter beneficios. Por poñer un exemplo, agora mesmo estamos traballando no tema da venda por Internet e imaxínate que funciona ben, pois o seguinte paso sería contratar a unha empresa para facer o reparto dos pedidos, pedidos que ademais no ámbito de Melide poderían ter un prezo moi económico. E quen di isto, di centralizar certas compras a través da asociación, porque xa sabemos que cantos máis sexamos máis económicas nos saen algunhas compras; tamén se poderían abaratar as cotas dos socios, recoller maior número de propostas e en definitiva coñecer e afrontar mellor toda esta problemática. Por non falar do ámbito da promoción. Agora máis que nunca o papel da Asociación pasa por ser escaparate e defensor dos produtos, negocios e empresas de Melide e comarca.

- Que medidas de protección tomaron dende Asetem-CCA?

- P.L.: Ademais de cumprir coas normas de seguridade en canto a distancias e hixiene nas oficinas, a través da Confederación de Empresarios da Coruña e da Xunta de Galicia mercamos 2.800 máscaras de protección, que foi a cantidade que nos permitiron comprar naquel momento debido á elevada demanda que había por parte de todos os sectores, e que posteriormente repartimos gratuitamente entre os nosos asociados. E Casa Mejuto de Melide doounos varios lotes de xel hidroalcohólico que foron máis que suficientes para repartir tamén entre os socios. Si que é certo que esperamos contar en breve tamén cun pedido de máscaras FFP2, que neste caso estarán a disposición dos socios a un prezo económico, porque tamén as conseguimos ao mellor prezo de mercado que nos foi posible; e tamén temos solicitados guantes de vinilo e nitrilo, que tamén terán un prezo económico.

- Xa metidos na desescalada, que balance fai da reapertura de negocios?

- P.L.: Pois dende o luns 11 están abertos a maioría dos negocios asociados e o balance de momento atreveríame a dicir que é bo. Sei, polo que me transmitiron dende que empezaran a vender con cita previa, que as sensacións foron boas, pero temos que tomalo con cautela e agardar que non se quede na euforia de saír os primeiros días a mercar o que nos fai falta e que despois se produza un parón. Así que cautela, e pouco a pouco, porque retomar o consumo previo que tiñamos a esta situación vai ser moi complicado. Non podemos esquecer que hai moita xente inmersa nun ERTE e que as circunstancias económicas de moitas familias non son as de antes.

Concello e Asetem-CCA facilitan a venda en liña aos negocios locais

A plataforma *Zaska!* permite ás empresas de Melide a venda dos seus produtos en Internet de forma gratuíta

www.zaskaapp.com é a web onde xa se pode mercar. Os negocios interesados en formar parte poden obter máis información en Asetem (698 13 23 24)

A venda en liña foi dende sempre unha das grandes tarefas pendentes para o comercio tradicional; de proximidade, e como tal un obxectivo a conseguir para tratar de competir coas grandes superficies.

Tendo en conta isto, e que as circunstancias actuais derivadas dunha alerta sanitaria como está a ser a pandemia do COVID-19 obrigaron a pechar puntualmente todo tipo de establecementos, dispor dunha ferramenta para poder vender en liña faise aínda se cabe máis necesario, imprescindible.

Pensando niso, e grazas á colaboración do Concello de Melide, a Asociación de Empresarios Terra de Melide Centro Comercial Aberto puido facilitar aos comercios e empresas da vila unha plataforma de venda en liña de forma totalmente gratuíta.

"Trátase da plataforma *Zaska!* –explicou Pilar López, xerente de Asetem-CCA– coa que xa mantivemos contacto o pasado mes de outubro. Daquela a proposta ía encamiñada a facilitar unha fonte de ingresos adicional ao comercio local, pero os recursos limitados da asociación e a falta de financiamento fixo que a iniciativa non prosperase".

Unha ferramenta aberta a todas as empresas da vila

Agora, grazas a que o Concello de Melide asumiu o custo económico dos primeiros meses de mantemento, tanto a asociación de empresarios como *Zaska!* puideron facilitar de modo gratuíto a plataforma a todos os comerciantes e empresas da zona, sexan socios ou non de Asetem-CCA.

"Cando se decretou o estado de alarma pensamos nunha solución deste tipo para o comercio, pero tiña que ser algo que se puidese facer xa, chegounos a proposta dos empresarios e decidimos apoiala porque era inmediata", sinalou o concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide, Xosé Igrexas. "Cremos que pode ser útil porque está aberto a todos os negocios e empresas da vila e prima o produto local", engadiu.

"Para nós é unha moi boa oportunidade, sobre todo porque a plataforma *Zaska!* abrangue máis dunha vintena de sectores, dende xoierías ata carnicerías, e proxéctase como un escaparate ideal e máis atractivo do comercio de Melide –engadiu Pilar López–, ademais de que se trata dunha plataforma que continuamente se vai estar adaptando e actualizando; é como visitar un centro comercial local, pero en Internet", dixo.

Preto de 20 establecementos

A día de hoxe, en Melide hai preto de 70 establecementos de diferentes sectores interesados en darse de alta na plataforma *Zaska!* e arredor dunha vintena que xa o fixeron.

Do mesmo xeito, actualmente en *Zaska!* xa se pode mercar contra reembolso e recoller pedidos en tenda, e está previsto que nos próximos días se poida facer online pola web e o móbil.

Cumpre sinalar que dende o punto de vista do comerciante, *Zaska!* permite e facilita a xestión do día a día do negocio de forma dixital e con aplicación tanto para iOS como para Android. Ademais, trátase dunha solución libre polo que entrar, permanecer e saír non ten custo ningún.

A xerente dos empresarios de Melide quixo agradecer o apoio do Concello para que a proposta saíse adiante; así como "a boa disposición de *Zaska!* ao querer colaborar co comercio local poñendo a plataforma ao servizo dos comerciantes de forma gratuíta nun momento tan delicado como o que estamos a vivir".

Finalmente, dende Asetem-CCA tamén fixeron un chamamento a todos os negocios da vila, sexan socios ou non, para que se dean de alta na plataforma *Zaska!* e así poder ofrecer maior variedade de produtos. "Seriamos moito máis competitivos como pobo e, dado o caso de que houbese que volver a pechar as tendas, teriamos unha ferramenta dispoñible que nos permitiría seguir vendendo".

As achegas da Xunta ao comercio, para web e redes sociais

Asetem-CCA participou, representado pola súa xerente Pilar López, nunha reunión telemática co conselleiro de Economía e Emprego, Francisco Conde; e a directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, na que se expuxeron as liñas de axuda que dende a Xunta de Galicia se van proporcionar ao sector do comercio.

"Basicamente o que nos trasladaron é que as achegas que van facilitar ao comercio irán encamiñadas á dixitalización e ás redes sociais", destacou Pilar López trala reunión, "logo en canto ao apoio á tenda física faranse campañas de promoción do comercio, pero por exemplo desaparecen as achegas para dinamización, porque de momento entenden que non se pode concentrar a un número elevado de persoas no mesmo recinto", engadiu.

En canto á solicitude dalgúns comerciantes en relación a regular o período de rebaixas, dende a administración autonómica sinalaron que as competencias son estatais e que ao non poder facer nada seguirán como están.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

Empresas solidarias, e que se reinventan

Casa Mejuto reinvéntase e, tras unha primeira doazón de xeles hidroalcohólicos fabricados pola propia empresa, na actualidade xa comercializan o proudto

Que a xente de Melide e comarca é solidaria ninguén o pode cuestionar, e para mostra a cantidade de iniciativas que se foron sucedendo día tras día, pasados –iso si– os primeiros momentos de sorpresa por ter que facer fronte a nada máis e nada menos que a unha pandemia.

Son moitos os exemplos, e sería imposible recompilalos e nomealos a todos; con todo, dende Cerne quixemos recoller algúns deles ao mesmo tempo que lles agradecemos a súa solidariedade.

Un deses exemplos é Casa Mejuto, unha empresa familiar dedicada á elaboración de licores que transformou a súa produción para crear xeles hidroalcohólicos cos que axudar na desinfección cotiá fronte ao coronavirus.

"Primeiro foi o shock do estado de alarma, ves que cerra todo, logo como o medo fai que nos lancemos todos a comprar mascarillas e xeles desinfectantes, e pouco a pouco como ía chegando a mensaxe de que comezaban a escasear; foi aí cando se nos ocorreu a idea de preguntar que había que facer burocraticamente para poder doar xeles hidroalcohólicos que nós mesmos podiamos elaborar", explica José Antonio Mejuto sobre como xurdiu a idea de producir este tipo de desinfectantes.

Unha vez realizados os trámites e co primeiro lote xa listo, Casa Mejuto doou ao Concello de Melide 168 litros de xel hidroalcohólico repartidos en 240 botellas; centos de unidades que se distribuíron entre os usuarios e establecementos que máis o necesitaban como por exemplo o centro de saúde ou as empresas que se atopaban traballando de cara ao público e en primeira liña.

Comercializar o produto

Tras esta primeira doazón, dende Casa Mejuto comprobaron que se trataba "dun produto que seguía demandando a xente, e que tamén escaseaba no mercado", por iso tomaron a decisión de solicitar os permisos pertinentes para poder a súa fabricación e así poder comercializalo. "Por desgraza temos as nosas instalacións libres porque a hostalería, que é o noso principal cliente, está parada; así que decidimos tramitar os permisos necesarios para poder fabricar este tipo de xeles, e poder dispoñer dun produto e un ben que sabemos que é escaso; desta maneira axudamos e ao mesmo tempo intentamos manter viva a nosa empresa, sexa dunha maneira ou doutra, mentres non volvemos a nosa principal liña de produción que é a elaboración de licores", sinala José Antonio.

A comercialización deste xel por parte de Casa Mejuto está orientada a "unha venda de proximidade para intentar cubrir as necesidades que o mercado local poida ter". Deste xeito, as persoas interesadas xa poden mercar as solucións hidroalcohólicas de Casa Mejuto en dous formatos distintos; en lote de 3 botellas de 1 litro (28,5 €), ou en lote de 6 botellas de 1 litro (54 €), en ambos casos co transporte incluído. As persoas interesadas en pedidos ou máis información poden realizar as súas consultas no 981 507 762.

Perdas e preocupación entre o sector

Mentres non arrancaron coa comercialización das solucións hidroalcohólicas esta empresa de Melide, que conta xa con varias xeracións ás súas costas, mantivo aínda que a menor ritmo, a parte de venda directa, "de aí que buscaramos novas alternativas para poder continuar coa actividade e de paso prestar un ben á sociedade", engade José Antonio.

E é que, como en moitos negocios da vila, as perdas de Casa Mejuto motivadas pola crise sanitaria do COVID-19 foron elevadas. "No que é a parte da fábrica vendemos a distribución á hostalería e iso estivo pechado, así que diría que a fábrica, do 100% pasou a traballar a un 15 ou 10%, só para a produción do que vendemos a particulares na venda final e o que vendemos en alimentación".

Lóxico que dende esta empresa familiar non agochen a súa preocupación ante as circunstancias actuais. "Preocúpanos seriamente a parte de hostalería e distribución, porque dependemos moito dese sector, vemos a situación moi crítica e botamos de menos máis información, sobre todo en torno a como vai a ser o desescalamento e se poderemos salvar aínda que sexa un pouco do verán, pero aínda máis nos preocupa que non exista a confianza necesaria entre a xente para saír e acudir á hostalería. Será neses momentos cando máis precisemos a solidariedade de todos, teremos que axudarnos entre todos para continuar cara adiante".

Dúas imaxes do proceso de fabricación e distribución do xel hidroalcohólico elaborado por Casa Mejuto, e que foi doado ao Concello de Melide para o seu reparto. E, sobre estas liñas, imaxe dos botes de xel, tamén elaborado e doado por Casa Mejuto, que a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-CCA), distribuíu entre os negocios asociados. Cumpre sinalar que neste caso os envases para o líquido hidroalcohólico tamén foron doados polo establecemento asociado Diva Pro – Melide.
(Fotos: Casa Mejuto/Cerne)

POR SER DE XUSTIZA

As medidas urxentes na xustiza por razón do Covid-19

Eva Novás
Avogada

Desde que se decretase o estado de alarma por mor do coronavirus, todos os días vemos como se produce unha profusión de normas que, con máis ou menos acerto, intentan regular unha situación tan extraordinaria.

A administración de xustiza tamén se está vendo profundamente afectada. Ó colapso e retrasos e que xa sufría de forma case endémica, únese a paralización destes meses. E os asuntos que agora están case parados sumaranse todos aqueles novos que están nacendo desta crise. Por esta razón, o mércores 29 de abril publicouse o Real Decreto Lei 16/2020, de 28 de abril, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte ó Covid-19 no ámbito da administración de xustiza. Sendo unha norma máis que cuestionable, convén coñecer as novidades que introduce para os próximos meses:

En primeiro lugar, de forma excepcional para este ano 2020, declara urxentes todas as actuacións procesuais e declara hábil o mes de agosto, do día 11 o día 31.

Ademais, modifica o cómputo dos prazos: todos os prazos que quedaron suspendidos cando se decretou a alarma volverán a contarse dende o inicio, e o primeiro día do cómputo será o seguinte hábil a aquel no que se levante a suspensión, previsiblemente cando remate o estado de alarma.

En materia de familia, introduce un procedemento especial e rápido para todas aquelas cuestións afectadas durante estes meses polo Covid-19: os réximes de visitas e as custodias compartidas e a revisión das medidas económicas, tales como as cargas do matrimonio, as pensións dos cónxuxes e os alimentos dos fillos, cando debido á crise sanitaria as circunstancias económicas dos obrigados a pagalas variasen de forma importante. Este procedemento especial será tanto para revisar as medidas que existen como para solicitar que se establezan obrigas económicas, como a de prestar alimentos.

En materia laboral, tramitaranse con carácter urxente as impugnacións dos ERTE ós que se acolleron multitude de empresas debido á crise sanitaria.

Establece medidas concursais e de sociedades. A este respecto, o día 7 de maio publicouse a nova e extensa Lei Concursal, que entrará en vigor o próximo 1 de setembro de 2020.

Finalmente, acorda que, unha vez remate o estado de alarma e a suspensión dos prazos, e ata o final deste ano, existirán unha serie de procedementos que se tramitarán con preferencia: No ámbito da familia, as medidas urxentes en relación ós fillos. No ámbito civil, tamén os relacionados coas moratorias das hipotecas e dos alugueiros, así como os concursos de persoas físicas.

No administrativo, terán tramitación preferente os recursos que se interpoñan contra as denegacións por parte da administración pública das axudas previstas para a crise do Covid-19.

E no ámbito laboral terán carácter preferente os procedementos por despedimento e extinción do contrato, os de recuperación de horas de traballo non prestadas durante o permiso retribuído recuperable que se fixara no mes de abril para reducir a mobilidade durante a alarma, as impugnacións que se fagan dos ERTE e tamén os que teñan lugar para facer efectivas as medidas de traballo a distancia.

En definitiva, nos próximos meses vaise producir unha grande actividade en tódalas ordes xurisdicionais e, a falta das normas que se vaian publicando, moitos cambios e novidades que convén coñecer en detalle.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Teléfono: 662 30 26 18

“Fixemos un pedido grande aos nosos provedores, pero nunca imaxinamos que a pandemia acadaría este nivel”

Ortopedia Ortosaúde *de Melide foi outro deses exemplos de solidariedade, de prestar axuda cando máis se necesita. Doaron 10.000 máscaras de protección individual a diferentes concellos e continúan prestando este servizo. Agora, nunha fase máis estable da pandemia do coronavirus, lémbrannos como xurdiu a súa iniciativa, as recomendacións a seguir e envían azos aos veciños e veciñas para “seguir resistindo e saír reforzados desta situación todos xuntos”.*

- Como xurdiu a idea, en que momento se decidiron a repartir máscaras?

- Ana Varela Urrutia (A.V.): Xa dende febreiro vimos que algunhas das clínicas ou residencias de maiores coas que traballamos facían pedidos grandes de mascarillas e outros materiais de protección individual, porque xa daquelas aparecían os primeiros casos de coronavirus, cando aínda non se sabía moito cómo impactaría. Pola nosa parte, fixemos un pedido grande aos nosos provedores, anticipándonos á gran demanda, pero nunca imaxinamos que a pandemia acadaría este nivel. Cando xa entramos no confinamento, como a ortopedia segue aberta ao ser un servizo sanitario esencial, comezamos a entregar 2 mascarillas por cliente de forma gratuíta. Ao ver que había xente dos arredores que paraba só polas mascarillas porque tiña que ir ao médico, pensamos en doar a maior parte do noso stock aos concellos, para que as veciñas e veciños puideran telas máis a man. E así foi como naceu esta acción.

- Cantas unidades repartiron?

- A.V.: Dende Ortopedia Ortosaúde doamos 10.000 mascarillas que repartimos equitativamente aos concellos da zona.

- A que concellos, establecementos doaron?

- A.V.: Doamos tanto ao Concello de Melide como aos de arredores: Agolada, Santiso, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Arzúa, Touro, Palas de Rei e Sobrado. Non nos esquecemos de Toques, tamén o incluímos nun principio, pero o alcalde declinou amablemente a nosa doazón porque xa recibira mascarillas doutra empresa. Desa forma, puidemos doar a súa parte ao resto de concellos.

- Como debemos usar as máscaras?

- A.V.: É moi importante usar ben as mascarillas para diminuír o risco de contaxios ou de reinfección. Débense seguir as indicacións das autoridades sanitarias: lavar as mans antes de poñelas, axustalas ben para cubrir nariz e boca e retiralas tras 4 horas de uso. Estas mascarillas son só para usos puntuais, cando se está en contacto con outras persoas, pero débense seguir mantendo as distancias de seguri dade e o resto de medidas de hixiene, para conseguir una prevención o máis completa posible.

- Continúan vostedes coa entrega de máscaras gratuítas?

- A.V.: Si, desde a nosa ortopedia seguimos con ese reparto que levamos facendo desde o principio da corentena. Cada cliente leva dúas mascarillas de forma gratuíta, ata fin de existencias.

- Algún outro aspecto que desexen engadir?

- A.V.: En primeiro lugar, reiteramos as grazas aos concellos veciños pola súa colaboración para facer posible o reparto das mascarillas. En segundo lugar, se algunha persoa precisa dalgunha mascarilla, ou precisa facernos algunha consulta, pode contactar con nós en Ortopedia Ortosaúde ou no teléfono 981 50 78 74. Abrimos en horario especial polas mañás de 10:00 a 13:30 e polas tardes de 16:30 a 20:00. Por último, queremos enviar unha mensaxe de ánimo a todos os veciños. O confinamento é longo, e moitas veces faise duro, pero hai que seguir resistindo para saír reforzados desta situación todos xuntos. Nós seguiremos intentando colaborar en todo o que poidamos.

XUNTA DE GALICIA

COMERCIO

PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NO COMERCIO

ANTES DE IR AO TRABALLO

PERSOAS SENSIBLES
Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.

FEBRE
Non ir traballar con febre (>37º) ou **síntomas respiratorios** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.

INFORMACIÓN
Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e protección adoptadas.

DESPRAZAMENTO
Os desprazamentos faranse **mellor de forma individual,** se non, só unha persoa por fila. No transporte **colectivo precísase o uso de máscara.**

DISTANCIA DE SEGURIDADE

NO COMERCIO
Manter 2 metros de distancia entre clientes, produtos e persoal.

MEDIDAS DE BARREIRA
Nas zonas de atención ao público, como mostradores e caixas de cobro, adoptar medidas de barreira (pantallas ou similares) de fácil limpeza e desinfección.

CONTROL DO AFORO
Controlar o aforo no comercio en función das súas dimensións: con **cita previa**, organizando **a entrada** da clientela **por quendas**. Indicar **horario** de atención **preferente** para **os maiores de 65 anos**.

HIXIENE E LIMPEZA

LAVADO DE MANS
Facilitar o lavado frecuente das mans ou o uso de solucións hidroalcohólicas. O uso de **luvas non debe substituír a hixiene** das mans.

MATERIAL DE LIMPEZA
Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Facilitar á clientela nos accesos solucións hidroalcohólicas e luvas desbotables. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.

VÍAS RESPIRATORIAS
Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.

OLLOS, NARIZ E BOCA
Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.

LIMPEZA DE ESPAZOS
Limpar e desinfectar **frecuentemente** o local e as superficies que se tocan máis (mostradores, pomos de portas, ordenador, TPV, probadores, aseos, etc.). Limpar a área de traballo nos cambios de persoal e ao finalizar a xornada.

VENTILACIÓN
Ventilar con **máis frecuencia** e reforzar o **mantemento** dos sistemas de ventilación ou climatización.

MÁSCARAS
O uso de **máscara hixiénica ou cirúrxica** é recomendable durante a estancia no comercio.

HIXIENE DO PRODUTO
Protexer o produto **para evitar a súa contaminación** pola exposición e manipulación mediante medidas de barreira (**poñer fundas, pantallas, vitrinas,** etc.).

MATERIAL DE TRABALLO
Evitar compartir material como ordenadores, lectores de código, etiquetadoras e outros, sen limpalos previamente.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

SINALIZAR
Sinalizar **no chan** as distancias a respectar e definir camiños para desprazarse con seguridade.

ESPAZOS REDUCIDOS
Nos comercios con **probadores**, valorar a necesidade da súa apertura e se non facelo de forma parcial, reforzando a **limpeza e desinfección despois de usalos.**

PAUTAS DE ACTUACIÓN
Establecer pautas de actuación ante unha **persoa traballadora con síntomas** no seu posto de traballo, para protexela a ela e ao resto do persoal.

PAGO ELECTRÓNICO
Fomentar o pago por medios electrónicos (tarxeta, móbil) e o **comercio online** con servizo de entrega a domicilio. Se non é posible, habilitar servizos de recollida no comercio.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal

ceei.xunta.gal/coronavirus • Liña Empresas 900 815 600

Todos a unha

Continuamos co percorrido polas iniciativas solidarias que inundaron a comarca durante a corentena obrigatoria por mor da alerta sanitaria do coronavirus, e temos que deternos na posta en marcha pola asociación de mulleres rurais ***Alecrín*** e a empresa melidense ***Traspome***, en colaboración con moitas outras persoas, para a elaboración e distribución de máscaras de protección individual.

Tal e como nos relatou Alberto Varela, de Traspome, a idea xurdiu dunha primeira necesidade na empresa, que logo se estendeu de xeito desinteresado a outras zonas. "Nós realmente empezamos para cubrir necesidades propias dentro da empresa –sinala Alberto–, porque despois xa as administracións cubriron e abasteceron a demanda de mascarillas, pero inicialmente cando apareceu todo este problema, se querías darlle protección aos teus propios empregados non había onde comprar unha mascarilla; falo de arredor do 16 de marzo máis ou menos".

Ante esta situación en Traspome comezaron a facer probas. "Tiñamos certos tecidos, como un que é dun papel especial, pero o problema que lle viamos a esas mascarillas de papel radicaba en que realmente non eran impermeables, e á hora de reutilizalas pois non se podía".

Chegados a ese punto decidiron probar cun tecido denominado sanitario, e do que tamén dispoñían na empresa. "É un tecido para os colchóns, que é totalmente impermeable e que é lavable. Desa forma, con unha ou dúas mascarillas solucionabas a necesidade para unha boa temporada".

Resolto o inconveniente das teas, dende Traspome puxéronse mans á obra. "Decidimos facer unhas 400 mascarillas máis ou menos, por se había algún supermercado, empresa ou persoas que as necesitasen, para doalas. E xusto nese proceso, neses días, vimos nas redes sociais que dende a asociación Alecrín estaban dispostas a coser se había alguén que lles facilitase o tecido. Falamos con elas e doámoslles as teas; mandámoslles as pezas xa cortadas porque temos a maquinaria de corte automático, que axiliza moito máis o proceso, e elas coseron e puxéronlles as gomas".

Unha cousa levou a outra e finalmente dende Traspome non só doaron tecido a Alecrín, senón tamén para a zona de Lugo, "mascarillas por exemplo para gardas xurado que están no Hula, para os que traballan na Cruz Vermella, a xente que estaba relacionada co sector sanitario e tamén de cara ao público"; e tamén para diferentes concellos como foi o caso da provincia de Ourense. En total, dente Traspome acabaron cortando tecido para unhas 8.000 máscaras de protección individual.

Á espera da reactivación do sector

Deixando a un lado a solidariedade, este negocio melidense, ao igual que moitos outros, tamén viu alterado o seu día a día por mor da alerta sanitaria do COVID-19. Con todo, mantiveron e manteñen os postos de traballo sen acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego). "A decisión desta empresa foi a de seguir mantendo todos os postos de traballo e non acollerse a un ERTE, aínda que loxicamente a venda do sector do colchón reduciuse a cero, as tendas de mobles non están abertas e polo tanto nós non temos pedidos. Ben é certo que non podemos asegurar que non teñamos que tomar outro tipo de medidas dentro de catro ou cinco meses, pero de momento seguimos con toda a plantilla; foi así en marzo, tamén en abril, e en maio iremos vendo como se desenvolve a situación", aclara Alberto, quen tamén explica que a facturación de Traspome viuse reducida "en máis dun 90%". Agora a súa preocupación pasar por saber "a que ritmo vai arrancar o mercado o día que isto de verdade se poida poñer en marcha".

Pequenos xestos, grandes logros

Pois si, diso tamén vai a solidariedade, dos pequenos xestos que suman grandes logros. E é que durante o período de confinamento non só empresas e negocios locais arrimaron o ombro, senón tamén particulares e pequenos autónomos como por exemplo a ***modista María Luísa Pereiro***.

Comezou a elaborar máscaras de protección arredor do 20 de marzo para aquelas persoas que llas solicitaban. "Busquei en YouTube e atopei un modelo que me pareceu cómodo e que se facía con tela de algodón 100%, mirei o patrón e despois xa me puxen a traballar. Deillas a probar a algúns familiares e dixéronme que eran moi cómodas, así que un comentoulle a outro e iso fixo que me foran pedindo algunhas máis".

En total, para particulares e algunha que outra empresa, María Luísa realizou unhas 40-50 máscaras de xeito totalmente desinteresado. Do mesmo xeito, esta modista de Melide non descarta seguir elaborando máscaras para doar "mentres dure o estado de alarma e sempre que teña material", apunta.

Os modelos que realizou María Luísa, "para os que Laia Zapateiros doou a goma e Mari Sánchez a tela de algodón", son modelos de tres capas que incorporan "un pequeno bolsilliño para meter un filtro e que, por suposto, se poden lavar e reutilizar".

Máscaras para os máis pequenos

A todas estas iniciativas habería que sumar moitas outras, pero non podemos deixar pasar a posta en marcha dende a ***Anpa O Forte*** do CEIP Nº1 de Melide, na que un amplo número de persoas colaboradoras realizaron e doaron máscaras de protección para os nenos de todos os colexios de Melide, Santiso e Toques.

Separadores de metacrilato *made in Melide* para combater o COVID-19

Facer fronte a unha pandemia renovándose, iso é o que fixeron varios negocios da vila como foi o caso de Anic Difusión e Imprenta Meligraf, potenciando a venda de pantallas de plástico protectoras, ou Cociñas Buján que foi un paso máis aló e optou pola fabricación de separadores de metacrilato.

Dedicados ao mobiliario de cociña e baño, ademais de aos traballos en carpintería interior para cociñas e aseos, Cociñas Buján comezou a elaborar separadores de metacrilato para que servisen de barreira de protección aos traballadores fronte ao virus do COVID-19. "A idea xurdiu a raíz dun negocio de Melide que nos pediu a primeira; a partir de aí os outros establecementos víronas e fóronnos encargando o mesmo traballo", explica Ángeles Vázquez.

Recibiron o primeiro pedido "xa aos dous ou tres días de empezar o confinamento"; que outros establecementos soubesen do traballo e o boca a boca fixo o resto para que a empresa comezase a fabricar este tipo de mamparas para os demais locais de Melide.

Durante os primeiros días do estado de alarma fabricaron separadores de metacrilato para as tendas ás que se lles permitiu abrir e desenvolver a súa actividade, que foron preto dunha vintena. "Fixemos para farmacias, para panaderías, para os establecementos pequenos do pobo de Melide que puideron e tiveron que seguir coas portas abertas, esas tendas pequenas que agora máis que nunca tanto necesitamos que a xente acuda a elas", incide Ángeles.

Con todo, dende Cociñas Buján recoñecen que, cheguen de onde cheguen os pedidos, a súa intención é a de continuar dando resposta a esa necesidade; "fixémolas para as tendas de Melide, pero por suposto que se outros Concellos nolas piden tamén as facemos".

Para esta pequena empresa local non supuxo grandes cambios no seu negocio adaptar a produción á fabricación deste tipo de mamparas, pois o mecanismo é sinxelo: "un soporte de madeira de pino limpo e o metacrilato, ten en conta que a madeira na nosa casa haina e o metacrilato tamén foi fácil de conseguir", detalla Ángeles. Ademais, os separadores son adaptables a calquera negocio xa que se fabrican a medida e personalizados para cada establecemento e o seu mostrador, "por iso todos son diferentes", engade.

Como toda empresa, Cociñas Buján tamén viu afectado o seu rendemento pola crise sanitaria do coronavirus, de aí que buscasen novas alternativas de negocio, e é que tal e como explicou Ángeles "con todo isto a nós chegáronnos a caer o 90% dos clientes, porque non podías ir ás casas particulares a traballar". A pesar de todo, dende Cociñas Buján quixeron agradecer a confianza de "todos eses negocios que apostaron por nós" e pediron a colaboración de todos "para que se compre en Melide e o pobo vaia para arriba".

EXEMPLO DE ECONOMÍA LOCAL

Pastelería Trisquel foi un deses negocios que apostou polos separadores de metacrilato fabricados por **Cociñas Buján**, ambos negocios de Melide. (Foto: Trisquel)

Se algo deixou patente esta crise sanitaria foi que, dunha maneira ou doutra, nos afectou a todos; á vista están as consecuencias económicas nos diferentes sectores, entre eles o da panadería e pastelería.

Román Varela, de Pastelería Trisquel, e que foi un dos que adquiriu un separador de metacrilato en Cociñas Buján, explica que o seu negocio tamén foi dos máis afectados. "No verán traballamos moito coa hostalería para o tema de banquetes en vodas, bautizos e demais, así que foi un golpe brutal porque todo iso agora mesmo está no aire, case diría que as nosas perdas roldan o 85%".

Durante o estado de alarma Pastelería Trisquel pechou as súas instalacións durante dez días e posteriormente abriu para atender ao público tres días á semana. "Arrancamos o domingo de Pascua, e dende entón abrimos os días que facemos pan que son os mércores, os venres e os domingos, ademais de traballar por encarga, e loxicamente cumprindo todas as medidas de protección necesarias", afirma Román.

O seu desexo, como o de todos, "que todo isto pase o máis pronto posible e recuperemos certa normalidade canto antes".



Viaxar, celebrar eventos, acudir a espectáculos, saír a tomar algo... se algo nos está a mostrar esta crise sanitaria é a certeza de que nada volverá a ser como antes, polo menos durante algún tempo. Se ben é certo que en maior ou menor medida todos os sectores económicos se viron afectados ante a pandemia do COVID-19, máis certo é que ámbitos como o da hostalería, o ocio e o turismo son dos peor parados. Dende Cerne quixemos coñecer como están a vivir esta situación, que lles parecen as medidas tomadas polo Goberno e como afrontan o seu futuro, e para iso falamos con catro negocios da vila: Zafiro Tours, axencia de viaxes en Melide; Cafetería Chaplin, establecemento hostaleiro situado en pleno Camiño de Santiago; Escala 5.9 Espectáculos, empresa melidense que xestiona grandes orquestras; e Floristería Tarrío, produtora e distribuidora de flores tamén de Melide. Isto é o que nos contaron.

Sectores en situación crítica

ZAFIRO TOURS, axencia de viaxes

Rocío Barreiro

"A nosa recuperación vai ser moi lenta, e tamén teremos que ver que restricións poñen"

- Como ve o seu sector?

- Rocío Barreiro (R.B.): Con preocupación. Sinceramente creo que o que é o turismo nacional vai empezar moi pouquiño a pouco, o europeo xa vai a tardar moito máis e o internacional penso que ata final de ano xa nada. A nosa recuperación vai ser moi lenta, e tamén teremos que ver que restricións poñen.

- Vostede pechou dende o primeiro día e atópase teletraballando, cales foron as principais consultas dos seus clientes?

- R.B.: Atender cancelacións sobre todo; ou como digo eu, e seguramente lle pase a moitos, traballar gratis.

- Podería facer unha estimación en perdas para o seu negocio?

- R.B.: Pois mira, todas a vendas de marzo perdidas, abril perdido tamén, as vendas de maio perdidas, as de xuño igual, e toda a venda anticipada de verán está moi tocada, tanto que se reducirá nun 70% máis ou menos. Vamos, que durante estes meses as vendas foron cero, e a partir de xullo o 50% ou máis xa se perdeu porque non estamos abertos e deixouse de vender.

- Conta con algún cliente que aínda faga reservas, é dicir, manténse o interese por viaxar?

- R.B.: Non, para nada. De momento ata que isto pase non creo que a xente se atreva a viaxar, ata que vexan como se vai actuar e como se vai abrindo o espazo aéreo. Xa che digo, as lúas de mel por exemplo a maioría xa as están cancelando ou cambiando para o ano que vén. E logo de viaxes a nivel turismo nacional si é certo que ata xuño se está cancelando, e a partir de aí nin se reserva máis nin se cancela tampouco, vaise mantendo.

- Recibiron algunha información oficial ou folla de ruta a seguir no seu sector?

- R.B.: De momento non, estamos atentos ás publicacións do Boletín Oficial do Estado, pero nada máis, porque o resto son especulacións, noticias que van saíndo, pero seguridade sobre o que vai pasar, de momento ningunha.

- Que recomendacións lles está facendo a aqueles usuarios que tiñan viaxes contratadas?

- R.B.: Dos que tiveron que cancelar, a maioría deles aínda están esperando polo reembolso porque están tardando moitísimo debido ao aluvión de cancelacións e ao recorte de persoal que se fixo, así que primeiro de todo pedímoslles paciencia. E logo pois segundo as opcións que nos dan ás axencias, que poden ser reembolsos, bonos para utilizar durante 12 meses... Pero o que si hai que ter en conta é que isto vai lento, que teñen que esperar porque se están alargando moito os tempos.

- Cre que este sector volverá a ser o que era?

- R.B.: A ver, eu creo que si que se recuperará, vou ser positiva, pero creo que ata a primavera de 2021 non. Antes véxoo moi complicado.

- Pese a todo, a súa intención é seguir co negocio?

- R.B.: Si claro, a miña intención é seguir co meu negocio, veremos como vai a cousa e se damos aguantado este ano, pero esperemos que poidamos seguir adiante. Que a xente teña moitas ganas de viaxar cando nos recuperemos, aínda que só sexa turismo nacional, e que nos axudemos uns a outros.

ESCALA 5.9 ESPECTÁCULOS

Luis Miguel Pulido

"Para as orquestras a metade da temporada xa está perdida, e o verán vai ser moi complicado"

- Xestiona vostede unha empresa que conta entre as súas formacións con orquestras de renome, e outras non tan coñecidas. En que situación se atopa agora mesmo o sector?

- Luís Miguel Pulido (M.P.): Tiñamos que empezar a temporada a principios de marzo, así que o que foi marzo, abril e agora todo maio xa está cancelado. É dicir, a metade da temporada xa está perdida. O que estamos intentando é pospoñer as fechas contratadas, non cancelalas, senón aprazalas para os meses de setembro, outubro... De todas formas, polas informacións que estamos tendo o verán vai ser moi complicado, máis que nada porque de poder empezar non sei se poderiamos aproveitar os meses de xullo, agosto e setembro. Pero son suposicións. Quen o sabe.

- Sería unha posibilidade entón arrancar a temporada en xullo?

- M.P.: Podería ser, pero aínda así teriamos un gran problema, e é que en xullo nin as comisións de festas teñen tempo para pedir cartos, nin para facer anuncios, os locais de hostalería non sabemos como estarán... é todo un escenario moi complicado. E o peor é que de non empezar no mes de xullo o noso sector veríase nunha situación moi crítica, de feito estamos facendo entre todos unha campaña para tentar pedir un rescate ás administracións públicas.

- Canta xente se pode ver afectada neste sector?

- M.P.: Por poñer algunhas cifras, segundo un estudo que temos feito son unhas 12.000 familias as que viven directamente do mundo da verbena en Galicia, así que a cantidade de cartos en perdas é moi elevada. Logo hai que falar de ámbitos como os xeradores, bares, pirotécnicas, atraccións... é dicir, moita xente.

- A canto poderían ascender as perdas?

- M.P.: Hai que ter en conta que en Galicia agora mesmo hai unhas 300 orquestras, que por certo, desas 300 nin a metade se poderían acoller ao ERTE porque son postos eventuais; e as perdas que calculamos andan polos 300 millóns de euros a nivel de toda a comunidade.

- Como se atopan os profesionais das orquestras?

- M.P.: Están preocupados loxicamente, con medo por non poder arrancar a temporada, sobre todo as grandes formacións que tamén fixeron inversións importantes en montaxes novas, equipos novos e que de momento están totalmente a cero. E en canto ás pequenas agrupacións co problema engadido de que non poidan sobrevir a este ano, que teñan que buscarse outro modo de vida e acaben desaparecendo. Iso traerá como consecuencia que para o ano algunhas formacións desaparezan e que tamén se produza unha escaseza de músicos, de persoal.

- Percibe boa predisposición por parte da xente a aprazar os eventos, ou prefiren as cancelacións?

- M.P.: Si que hai moi boa predisposición por parte da xente. Por poñerche un exemplo, en Sobrado dos Monxes xa aprazamos a festa da xuventude varias veces, ía

ser en marzo e pasouse a maio, logo a xuño, e como esa moitas máis. E logo hai algunhas festas xa a nivel máis grande que se están aprazando a setembro. Cal é o problema? Que despois non vai haber fechas para todos, así que algunhas xa as estamos pasando para o ano que vén; e despois hai outras que xa se perderon e aí non podemos facer nada.

- Cando todo isto pase, cre que as verbenas volverán a ser como antes?
- M.P.: É unha das grandes dúbidas que temos. Como se van poder celebrar este tipo de eventos, que medidas se van tomar. Podemos empezar co tema das festas si, pero se xa agora necesitamos certos permisos, imaxinamos que despois van ser con moitas restricións. É complicado tan só imaxinalo porque non sabemos o que nos van pedir, non sabemos o que imos necesitar, non sabemos quen se vai facer cargo de todos estes trámites. O que si, posiblemente as festas pequenas si se poidan facer, en campos grandes e apelando tamén á responsabilidade de cada un, pero... é que vai pasar co tema dos bares nas festas? Non sei, é todo bastante complexo. E a todo isto hai que sumarlle dous escenarios que barallamos; primeiro, se realmente arrancan as festas, non sabemos como vai responder a xente, se van ir ou non van ir; e segundo, que sexa ao revés e a xente si teña ganas de acudir ás festas e ver orquestras, pero ao haber poucas ocasións se produzan máis aglomeracións de xente.

- Algunha petición para o sector?
- M.P.: Primeiro de todo que a xente se coide moito, xa o di o noso lema máis importante "sen vida non hai festa"; e logo que non cancelen os eventos, que a poder ser os apracen.

CAFETERÍA CHAPLIN

Ceferino Lobato

"É mellor estar cerrados tres meses máis e despois poder abrir polo menos a un 80%"

- Cun negocio de hostalería en Melide, por onde pasa o Camiño de Santiago, como están a vivir esta situación?
- Ceferino Lobato (C.L.): Hai que adaptarse ás circunstancias, non queda outra. Animicamente hai días mellores e peores, pero como é unha profesión moi dura algún día ata agradeces o descanso; é o único positivo desta situación. Polo resto é todo negativo.

- Tendo en conta que falamos da hostalería, como lle afectou esta pandemia ao seu negocio?
- C.L.: Nós estamos totalmente cerrados, facturación cero, ingresos a penas cero, que no meu caso son un autónomo agregado o meu pai, así que peor imposible. E a todo isto hai que sumarlle a renda do local, que tamén é das máis caras. É dicir, tes o 100% de perdas e todo o que tes no local tamén o tes perdido, porque o que non é produto perecedoiro xa estaba próximo a caducar; así que xa non é o que deixas de ganar, senón que cando volvas a abrir aínda vas ter máis gastos.

- Que lle parece a medida de que a hostalería poida abrir a un tanto por cento?
- C.L.: Eu espero que non volvamos o 11 de maio, que o retrasen, case é o peor que che poden facer. Ao meu entender é mellor estar cerrados tres meses máis, que polo menos só tes os gastos de comer e vas tirando como podes, e a partir dos tres meses que poidas abrir por exemplo a un 80%; aínda que non poidas empregar a barra, pero se tes que abrir agora non ganas, porque un 30% de volume nunha terraza en Galicia é insostible. No noso caso por exemplo non poderiamos cumprir, porque coas mesas que hai na terraza e coa separación que esixen non é viable. Na miña opinión, para a hostalería en xeral eu creo que é un erro abrir nestas condicións. Imaxínate que unha persoa necesita ir o baño, que lle dis? Que non pode porque tería que entrar no local? Que clase de ocio sería este.

- No seu caso van abrir?
- C.L.: Nós temos pensado non abrir ata xuño, aínda que teñamos máis perdas. Pero é que se abrimos agora en maio vai ser peor porque hai que repoñer toda a mercancía cando nin sequera sabes se lle vas poder dar saída. E a mercancía tes que tela, porque se cha piden hai que ofrecela. Para nós é mellor esperar e estar cerrados.

- Cando cre que se poderá retomar certa normalidade no seu sector?
- C.L.: Eu estimo que en outubro, pero é o meu parecer.

- Como valora a medida de que se poida alongar o Ano Santo?
- C.L.: Na miña opinión penso que en vez de alongalo sería mellor cambialo. Temos que pensar que hai moito turismo nacional, pero o Camiño atrae a moito turista de fóra que se mantén no outono-inverno é que é realmente o que che dá o sustento, e xa vemos como está o tema de viaxar. Así que eu cambiaríao do 2021 para o 2022 como medida extraordinaria, e despois reforzalo un pouco. Máis que nada porque creo que o ano 2021 vai ser un ano moi malo.

- Dentro de toda esta situación, que é o que máis lle preocupa como sector?
- C.L.: Non ter unha especie de guía sobre como actuar. Xa sei que é moi difícil de facer, pero unhas normas claras sobre como debemos actuar e responder. Medidas concisas sobre o que teremos que facer dentro da hostalería. Máis información e que pensen en que aplicar certas medidas de seguridade na hostalería é moi complicado, como por exemplo manter a distancia de seguridade. Que nos aclaren o que significa esa "nova normalidade" para ir preparándonos sobre iso.

FLORISTERÍA e FLORICULTURA TARRÍO

Javier Tarrío

"As perdas no sector son irrecuperables, o que non se puido vender houbo que tiralo"

- Ademais da tenda, vostede é produtor de flores en Melide. Como lle está a afectar esta situación ao seu negocio?
- Javier Tarrío (J.T.): No noso sector as perdas son irreparables, máis que nada porque os tres ou catro días nos que máis se vende no ano, bótaronse a perder. O día do Pai, por exemplo, traballase moi ben porque adoita vir moita xente do País Vasco e de Cataluña que teñen segunda vivenda en Melide e que encargan centros para os cemiterios, e este ano xa nada. Houbo que cerrar e todo iso perdeuse. E o día da Nai, que despois de Santos adoita ser o día de máis facturación, pois máis ou menos igual. Vamos, que mentres a floristería estivo cerrada non houbo ingresos.

- E a nivel produtivo?
J.T.: A nivel produtivo, a nivel nacional no sur tiveron que tirar co 70% da produción destinada para esas datas claves que son o día do Pai en marzo e o día da Nai en Inglaterra que tamén é en marzo, as Fallas de Valencia, a Semana Santa e agora o día da Nai. E nós, de momento aínda non se perdeu nada porque o pico da produción aínda non empezou; nós empezamos a producir en abril ata novembro, pero como isto se alargue teremos que tirar a produción igual que fixeron en outros lados. De momento si que mandamos algo para cumprir cos servizos mínimos, sobre todo en canto a servizos funerarios, e tamén para abastecer a nosa tenda.

- Que é o peor desta crise para o seu sector?
- J.T.: Case diría que o feito de traballar cun produto perecedoiro, que ao non vendelo as perdas son irrecuperables; non é que máis adiante poidamos vender ese xénero e recuperar algo. Se chega a produción e non hai a quen vendela, as plantas hai que cortalas igual pero haberá que tiralas o lixo.

- Cre que unha vez que todo isto pase, o sector volverá a recuperarse?
- J.T.: Eu son unha persoa moi positiva, pero tamén digo que as perdas daqueles días de vendas máis significativos xa son irrecuperables. Quero pensar que todo volverá á normalidade, ou polo menos a esa denominada "nova normalidade", e que esa nova normalidade sexa que o nivel produtivo do país siga funcionando polo menos a un 90%. Así que eu espero poder vender a produción, máis se temos en conta que ao mellor xa non se vai poder importar tanta flor e iso vai incrementar a demanda de flor nacional.

SABER DE LEI

DEREITOS DOS CONSUMIDORES DURANTE O ESTADO DE ALARMA

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, as medidas de protección dos consumidores foron adoptadas polo RD- Lei 11/2020, de 31 de marzo debendo ter en conta as modificacións introducidas polo RD - lei 15/2020, de 21 de abril.

Aos consumidores, como consecuencia desta crise sanitaria que estamos a vivir xórdennos en ocasións moitas dúbidas relacionadas coas situacións da vida cotiá, como por exemplo sobre as cancelacións de viaxes combinadas, cancelacións de voos, alugueiros das vivendas habituais... É importante coñecer como consumidores e usuarios algúns dos dereitos que temos e que pode ser que descoñezamos.

Os contratos de prestación de servizos de trato sucesivo no que se poden incluír os servizos prestados por ximnasios, garderías ou academias, serán as empresas as que deban ofrecer a posibilidade de recuperar o servizo a posteriori. Se o consumidor non acepta dita recuperación procederase á devolución dos importes xa aboados na parte correspondente ao período do servizo non prestado. A empresa deberá absterse de presentar a cobro novas mensualidades ata que o servizo poida prestarse con normalidade, sen que todo elo dea lugar a unha rescisión do contrato, salvo vontade das partes contratantes.

No caso das cancelacións de viaxes combinadas será a axencia de viaxes organizadora a encargada de dar un bono aos viaxeiros por unha contía igual ao reembolso que houbese efectuado, o cal poderá ser utilizado no prazo dun ano dende que se dea por rematado o estado de alarma. No caso de que os provedores dos servizos incluídos no contrato de viaxe combinada devolvesen ao organizador o importe íntegro dos servizos non desfrutados, poderase solicitar un reembolso inmediato sen necesidade de esperar a que transcorra ese prazo anual. O organizador nese caso ten un prazo de 60 días para devolver os cartos aos usuarios dende a data na que os provedores procederon á devolución, ou dende a resolución do contrato.

No caso das cancelacións de voos o tema xa é máis complexo. Moitas compañías aéreas están dificultando aos pasaxeiros o aceso ao reembolso do importe do billete, dando prioridade a solicitar un bono que poderá ser utilizado no momento no que rematen as limitacións impostas a consecuencia da situación na que nos atopamos. Estas prácticas vulneran de xeito evidente as normas establecidas no Regulamento nº 261/2004 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de febreiro de 2004, polo que se establecen normas comúns sobre a compensación e asistencia aos pasaxeiros aéreos no caso de negación de embarque e de cancelación ou gran retraso de voos; polo que todos os pasaxeiros que cuxos voos foron cancelados teñen dereito a un reembolso ou transporte alternativos e dereito a unha compensación como vén claramente establecido no artigo 8.1 do mencionado Regulamento, xa que ten consideración de circunstancias extraordinarias voos cancelados como consecuencia das prohibicións ou restricións emitidas por autoridades que se cancelen para protexer a saúde da tripulación. Nestes casos sempre se verá obrigada a compañía aérea a pagar unha compensación a ditos pasaxeiros.

En canto aos alugueiros destinados a vivenda habitual non existe ningunha disposición legal ou regulamentaria que permita a exención do pago das rendas, salvo que veña establecido no contrato ou se dea un acordo entre as partes, pero en ningún caso esta situación dá lugar a unha exoneración no pago das rendas mensuais entre arrendador e arrendatario. Cada C.A. ten as súas ferramentas para paliar os efectos que provoca a pandemia neste campo. No caso de Galicia, a Xunta a través do Instituto de Vivenda e Solo ten un programa de axudas dirixidas a colectivos desfavorecidos e con escasos recursos aos que se poden acoller persoas que acrediten estar nunha clara vulnerabilidade económica como consecuencia do Covid-19, ben sexa aportando a documentación requirida para demostrar que se atopa nunha situación de desemprego como consecuencia dun ERTE, que a súa xornada foi reducida, etc.; e no caso de que sexa empresario demostrar que sufriu unha perda importante de ingresos, en tal caso a Xunta asumirá o 100% do custo destes alugueiros.

Nas últimas semanas estivemos vendo a cantidade de arrendadores solidarios que perdoan aos seus inquilinos o pago das rendas dos locais comerciais que levan meses pechados.

A solidariedade debe ser sempre entendida como valor humano fundamental, e máis aínda en tempos complexos como os que estamos a vivir.

Formación en medidas hixiénico-sanitarias fronte ao COVID-19, en Asetem

Asetem-CCA prepara un curso de formación para coñecer as medidas hixiénico-sanitarias a ter en conta fronte ao COVID-19. Coas datas e o horario aínda por determinar, a formación desenvolverase en Melide, durará tres horas e estará dirixida tanto aos socios como aos non socios de Asetem.

Será en modalidade presencial con grupos de 10 persoas máximo, cumprindo así coas indicacións das autoridades sanitarias, e os asistentes estarán obrigados a acudir con máscara de protección e luvas.

A empresa encargada de realizar a formación é CVV INFORAID S.L. e ao remate os asistentes obterán un certificado acreditativo.

No temario abordaranse aspectos como información xeral sobre o COVID-19, medidas preventivas nos desprazamentos e ao inicio da actividade, medidas organizativas e para garantir a distancia de seguridade, medidas hixiénicas e de limpeza (produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade), medidas hixiénico-sanitarias en hostalería e comercio, uso de máscaras e equipos de protección individual (EPI), e xestión de residuos. Haberá ademais unha parte práctica.

Todos aqueles que estean interesados en realizar a formación xa poden anotarse ben a través de correo electrónico (info@asetem.com) ou ben a través do teléfono 698 13 23 24.

Máis de 235.000 persoas están nun ERTE en Galicia

A crise sanitaria do coronavirus trouxo aparellada unha crise no emprego. Así o están a reflectir os últimos datos en canto ao número de ERTES presentados e as cifras de desempregados ao remate do mes de abril.

Ao peche desta edición (luns 11 de maio) as solicitudes de Expedientes de Regulación Temporal de Emprego presentadas en Galicia ascendían a 36.052, e o número de traballadores afectados en toda a comunidade a un total de 235.132.

Pese a resolver, segundo apuntaron dende a Xunta de Galicia, máis do 96% dos ERTE presentados, as cifras non deixan de medrar. Cumpre sinalar que os traballadores afectados por un ERTE que aínda non cobraran as prestacións por desemprego do Goberno central poden solicitar á Xunta de Galicia o seu anticipo. Do mesmo xeito, dende a administración autonómica teñen activa unha liña de teléfono gratuíta para atender consultas de empresas e traballadores afectados por ERTE (900 815 600).

En canto aos datos do paro rexistrados ao remate do mes de abril, estes tampouco son nada alentadores. Na comarca aumentou a cifra en 30 persoas, pasando de 588 desempregados no mes de marzo a 618 no mes de abril. Por concellos, Melide sumou 10 persoas desempregadas máis, Santiso 5, Sobrado 7 e Toques 8.

Directorio 13

ASESORÍA

CC Xestión
Otero Pedrayo, 10, Baixo
881 97 33 07

Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

Francisco Gómez y Cía. S.L.
Lg. A Mina S/N, Touro
981 51 73 17

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12

Blangar
Ctra. Lugo km46, Melide
981 50 54 18

Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodegas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62

Borboriño Xeado
Rúa de San Pedro, 5
881 99 05 50

Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Gallega de Cárnicas S.L.
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00

Carnicería Cardelle
Florentino L. Cuevillas,
Baixo /981 50 54 37

Carnicería Maruja
Rúa Peregrino, 1
(Melide)

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98

Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96

Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53

Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60

Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68

DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
981 93 76 65

Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17

Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64

Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00

Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71

Estc. de Sv. Corredoiras
Corredoiras-14, Boimorto
981 51 60 04

Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17

Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29

Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Strelitzia
Taboada Roca, 4, baixo
881 81 91 01

Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64

Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92

Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47

Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89

Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50

Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56

Instituto de la Sordera
Ronda da Coruña, 34
648 754 761

Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24

José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35

La Frutería de Celia
Cantón de San Roque,3
(Baixo)/ 981 50 79 38

Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54

Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34

Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75

Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55

M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15

Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94

Modas Dándolo
Rúa do Convento
981 50 63 70

Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81

Mercería Isabel
Rúa Camiño de Ovedo, 3
981 50 52 56

MEyPA Instalacións Eléctricas
(Melide)/663 97 22 81

Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85

Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64

Modista María Luisa Pereiro
Rúa Doutor Fleming,
3 -1ºA / 981 50 50 23

Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34

Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97

Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67

Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99

Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74

Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08

Parafarmacia O Cantón
Cantón de San Roque-28
Baixo/ 981 937 350

Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81

Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53

Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98

Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84

Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29

Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26

Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19

Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18

Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18

Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56

Salacadula Shop
Avenida de América, 3
881 81 94 95

Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10

Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17

Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87

Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54

Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27

Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 95 63 94

Xoguetería Toysmaniatic
Rda. Coruña, 36
981 50 51 95

Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97

Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66

CONSTRUCIÓN

Construcciones M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29

Construcciones Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73

Construcciones Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59

Cubiertas Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94

Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92

Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10

Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25

Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16

Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18

HOSTALERÍA

Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68

Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34

Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55

Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44

Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33

O Mesón de Roberto
Rda. Pontevedra, 111
981 93 89 92

O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73

Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07

Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76

Parrillada Pilmar
Santa María
981 50 76 17

Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45

Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91

Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52

Ana Mato Salgado Avogada
Rúa Xesús Carro, 15, 2º
671 833 425

Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94

Autoescola Marte
Ronda da Coruña, 38
981 50 54 60

Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05

Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44

Escala 5.9 Espectáculos
Melide (A Coruña)
609 923 888

Eva Novás Mato Avogada
Rúa San Antón, 5
662 30 26 18

Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33

Hardgalicia - "R" - Juifi
Rúa San Pedro, 16
693 77 88 66

Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737

Meixela, (Centro de Estética) e Tania Arias (Dietista Nutricionista)
Rúa Rosaleda, 5, Baixo
639 44 06 88 (Meixela)
683 32 44 11 (Tania A.)

Peluquería Coral
R/Joaquín Gundín, 7
981 50 53 23

Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75

Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66

Skala Peluqueros
Almirante Brown, 19-21
981 50 59 03

Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69

Zafiro Tours
(Axencia de viaxes)
Rúa do Convento, 6
881 97 56 43

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31

Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00

Talleres Diego Fernández
Pol. Ind. da Madanela
(Parcela 23)-626 430 275

Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

Talleres Vulcano
Pol. Ind. da Madanela
(Parcela 22)-654 449 732

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89

María Jesús Vázquez Coego
Taxi en Melide
667 682 771

Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70

Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18

Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

Balance trala crise sanitaria

O Concello de Melide non cobrará a taxa das terrazas á hostalería e traballa en accións de apoio ao comercio

Co estado de alarma prolongado, de momento ata o 24 de maio, e metidos de cheo nas fases da desescalada, os Concellos fan balance da situación e do que queda por vir. Foron varias semanas de confinamento (aínda quedan algunhas), nas que houbo que adaptarse a unhas novas condicións e en tempo récord.

No caso do Concello de Melide, dende que se declarou o estado de alarma por mor do coronavirus suspendéronse todas as actividades organizadas polo Concello, pecháronse as instalacións e comezouse coa desinfección de zonas e espazos tanto no ámbito urbano como no rural.

"Tamén fortalecemos os servizos sociais, que houbo que reforzalos, sobre todo en tema de alimentación e non só para persoas vulnerables, senón tamén para persoas que viven soas e que precisaron que se lles levase a compra ou os medicamentos", explicou o concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide, Xosé Igrexas.

A todas estas medidas sumáronse, entre outras, o servizo de préstamo a domicilio da biblioteca ou o reparto dos traballos fotocopiados para os estudantes.

11.000 máscaras repartidas

Durante as primeiras semanas, momento de máis complexidade da crise sanitaria do coronavirus, o Concello de Melide tamén distribuíu material de protección entre os veciños. "Repartíronse 11.000 mascarilas e tamén compramos 1.500 litros de lexía, e xa na primeira semana de desinfección gastamos uns 600 litros. Foi unha desinfección máis profunda, agora xa nos centramos máis en puntos estratéxicos".

Pegada económica

Pero non só houbo que tomar medidas antes, senón tamén agora e de cara ao futuro económico da vila. Neste senso, o concelleiro de Promoción Económica anunciou unha serie iniciativas como a suspensión da taxa das terrazas ou o desenvolvemento de varias campañas de promoción do comercio local para axudar a minimizar a pegada económica que vai deixar tras de si a crise sanitaria do COVID-19.

"Este ano non se lle vai cobrar a taxa das terrazas á hostalería, lanzamos e promovemos xunto coa asociación de empresarios a plataforma de venda on line Zaska! para os comercios locais, tamén estamos programando unha campaña de promoción do comercio e en definitiva deseñando accións, unhas en conxunto con Asetem e outras propias do Concello, pero todo co obxectivo de complementar e fortalecer o comercio; do que se trata é de darlle vida ao pobo para que poida haber xente e para que poidan comprar e consumir, iso é o fundamental", dixo.

En relación a isto, Igrexas lembrou que as actividades e campañas sempre poden sufrir modificacións debido a que "a situación que estamos a vivir obríganos a non poder planificar nada e a ter que avanzar case semana a semana".

De feito, a Foliada no mes de abril e a Festa do Melindre en maio foron dúas das grandes citas aprazadas, que non canceladas, polo propio Concello e para as que "de momento non hai unha nova data prevista".

Venda por Internet

Xosé Igrexas valorou de xeito positivo que os establecementos inclúan tamén a posibilidade da venda en liña. "Nestes momentos as restricións das persoas para ir a comprar son moito maiores, así que dispor dunha ferramenta de venda on line facilita aos comerciantes o poder ofrecer os seus produtos a moita máis xente. Xa pensabamos en algo así, pero era urxente dispoñer dela e cando nos chegou a proposta desta plataforma dende a asociación de empresarios decidimos apoiala porque era inmediata, e o Concello só tiña que colaborar co pago de tres mensualidades de mantemento da plataforma –explicou o concelleiro–, a ver como funciona, sabemos que o comercio de Melide tamén ten as súas características, pero esperamos que lles sirva porque nestes momentos toda axuda é boa".

Tratándose dun municipio que basea a súa economía principalmente na hostalería, no Camiño de Santiago e no comercio, dende o Concello de Melide deixaron claro que saír adiante será complicado, "pero esperemos que saiamos fortalecidos" engadiu o concelleiro que ademais destacou "o civismo e o bo comportamento de forma xeneralizada de todos os veciños" durante o confinamento e as fases de desescalada.

Máis de 4,5 millóns de euros que o Concello non pode empregar

O Concello de Melide pecha o 2019 cun remanente de máis de 4,5 millóns de euros que non pode empregar.

Segundo informaron dende o Concello, "o actual goberno local atopouse nada máis entrar con 637 mil euros en facturas cun reparo suspensivo de intervención que fai que non se poidan pagar".

Como resultado, aseguran dende o Goberno local, "o Concello de Melide tivo que notificar ás empresas afectadas que debían acudir ao xulgado para reclamar ditas cantidades que se lle deben, como consecuencia de que o anterior goberno non cumpriu coa lei de contratos do sector público".

A criterio do actual equipo de goberno "a liquidación de 2019 do Concello de Melide demostra que a xestión económica feita polo PP de Melide no primeiro semestre de 2019 levou a incumprir a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto" pois apuntan, "o goberno anterior do PP gastou máis dun millón de euros fóra do presuposto".

Con esta situación, Melide solicitará ao Goberno Central a anulación da imposibilidade de empregar o remanente de tesourería e poder dedicar así os 4,5 millóns de euros "a mellorar e investir na vila e nos veciños e veciñas de Melide".

Prevén axustes

Que o Goberno municipal non poida empregar este remanente de tesourería tamén obriga a realizar axustes. "Ante esta situación o Goberno local vese na obriga legal de realizar un Plan Económico Financeiro que requirirá axustes", anunciaron.

O concelleiro de Facenda, Xosé Igrexas, sinalou que trala elaboración do Plan de axuste poñerase coa conta Xeral de 2019 para poder realizar o orzamento de 2021 "co obxectivo de elaborar os proxectos a levar a cabo no vindeiro ano e subsanar a mala xestión destes anos pasados".

Aproban por unanimidade a modificación do POS+2020

No pleno extraordinario celebrado o pasado 29 de abril o Concello de Melide aprobou por unanimidade a modificación da proposta do POS+ de 2020 que se aprobara o 18 de decembro de 2019.

"Isto foi debido a que naquel pleno de decembro o pleno municipal non levantou o reparo suspensivo dunhas facturas que ascenden a 637.348,59 euros, e a Deputación ao final non aceptou que foran no POS+2020", sinalaron dende o consistorio.

Con isto, o Goberno Local fixo unha nova proposta na cal preto de 304.750 euros irán destinados a gasto corrente de 2020, e algo máis de 73.750 euros irán para a adecuación da rúa Ourense, onde se está facendo actualmente o novo Centro de Saúde, xa que lle corresponde ao Concello a adecuación e subministro de electricidade para o novo ambulatorio.

No Plan Complementario o Goberno local tamén incluíu a posta en Valor da rúa do Convento por un valor de 328.500 euros.

Asfaltado en vías municipais

Por outra banda, o Concello de Melide rematou 23 actuacións de asfaltado en vías municipais que presentaban un importante deterioro. Agora, axilizan os trámites para poder realizar 25 novas actuacións no que resta de ano.

“A repostaría tradicional debería saír reforzada desta situación”

Melide celebrou unha Festa do Melindre virtual

Casa Melchora, Panadería Tahona, Pastelería Trisquel e Pastelería Estilo integran a Asociación de Repostaría Tradicional *Melide Terra Doce*

A Festa do Melindre de Melide, xunto coa Foliada, foi outra das grandes citas culturais que tivo que ser aprazada debido ao estado de alarma decretado por mor da emerxencia sanitaria que provocou o coronavirus. Non obstante, contou cunha versión virtual que serviu para promover o produto e difundir o evento dende as casas e para as casas.

A vixésimo novena edición da Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide contou así con pregón, a cargo de Cristina Pampín, xornalista e presentadora de Televisión Española con raíces melidenses; tamén tivo un showcooking de Bea Sotelo, cociñeira e membro do Grupo Nove; houbo tempo para un café con melindre da man de Gonzalo, do Club Café de Pontevedra; taller de maxia co mago melidense Dani Polo; e fin de festa con actuación musical a cargo de Cuarta Xusta; todo a través das redes sociais oficiais do evento e mentres as casas melindreiras de Melide abriron as portas para poder mercar melindres, ricos e amendoados.

“Esta resposta virtual foi aínda confinados, e sabemos que non solucionou a parte que ten que ver máis coa repercusión económica na vila, pero tendo unha plataforma como son as redes sociais que mellor opción que aproveitalas para promover o noso. Foi unha situación excepcional e como tal houbo que adaptarse”, apuntou o presidente da Asociación de Repostaría Tradicional Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez.

E tan excepcional que en trinta anos de historia da Festa do Melindre só nunha ocasión non se puido celebrar o evento, pero nunca por mor dunha pandemia. De feito, Alberto Rodríguez insistiu en que a Festa do Melindre deste ano “está aprazada pero non cancelada”, tal e como confirmaron dende o Concello.

Pensando nas opcións de recuperación e en futuras datas, o presidente de Melide Terra Doce aclara que “igual o formato deste tipo de eventos hai que orientalo cara un escenario onde non se produzan tantas aglomeracións de xente, senón que simplemente sexa un acto de promoción turística de Melide; máis como un elemento dinamizador”, di.

Igualmente cre que esta sería unha boa oportunidade para fomentar o consumo de proximidade. “Creo que todos estes produtos como son a repostería tradicional por exemplo, deberían saír reforzados desta situación, máis que nada por conciencia social, por iso de consumir en cercanía”.

Incerteza en tempos de reapertura

Ademais de ser o presidente de Melide Terra Doce, Alberto Rodríguez é o responsable da Pastelería Estilo que, ao igual que moitos negocios da vila tamén se viu obrigado a pechar durante as primeiras semanas do estado de alarma, coas consecuentes perdas para o negocio que iso supuxo. Agora, cumprindo coas medidas sanitarias, abriu de novo as súas portas para prestar servizo dentro desta nova normalidade.

“A palabra que define como estamos é incerteza, incerteza ante un novo escenario, primeiro por estar cerrados e logo polas condicións de como imos abrir; vainos faltar o máis importante do local que son os clientes, entendemos que a xente si está desexosa de consumir e de retomar a actividade, pero ninguén sabe como se vai desenvolver todo isto”, explica Alberto.

Ao seu entender ademais, a partir de agora sería unha boa opción aproveitar o turismo de proximidade. “Tendo en conta que debemos traballar sobre varios escenarios como a corto, medio e longo prazo, supoño que a longo prazo unha boa medida para a hostalería da zona sería optar polo turismo de cercanía, non só pensar nos peregrinos como o turismo que vén de fóra, senón pensar tamén en que hai moita xente que ao mellor coñece Londres, París e Nova York e non coñece a Ribeira Sacra ou o interior de Galicia, así que potenciemos precisamente iso entre o pouco turismo que parece que imos ter”.

Prevén abrir o mercado dominical o vindeiro domingo 17 de maio

O Concello de Melide, conforme ás instrucións tanto do Goberno Central como da Xunta de Galicia, ten previsto abrir o mercado dos domingos de venda directa de produtos agrarios o vindeiro domingo 17 de maio.

“Ata que haxa novas instrucións das autoridades só poderán vender no mercado as persoas titulares de explotacións agrarias que estean rexistradas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, parentes de primeiro grao ou empregados das explotacións”, aclararon dende o goberno municipal.

As persoas que queiran facer a venda directa e cumpran cos requisitos teñen que chamar ao Concello de Melide para inscribirse no número de teléfono 981 50 50 03 en horario de 9:00horas da mañá ata as 14:00 horas.

Entre as normas a ter en conta, os usuarios deberán gardar a distancia mínima entre cada persoa do mercado de 2 metros, coas excepcións que establece para o efecto a normativa estatal.

Mentres, os vendedores deberán cumprir os seguintes requisitos: os postos deberán atoparse separados por unha vía de tránsito e cunha distancia mínima entre eles de 6 metros; permitirase unha separación mínima de 4 metros entre os laterais; como forma de instalación dos postos na superficie do mercado recoméndase unha disposición en triángulo (en forma de triángulo equilátero, evitando que un punto de venda estea enfrontado a outro); dentro dun mesmo posto as persoas vendedoras deberán gardar entre si unha distancia mínima de 2 metros, quedando restrinxida a actividade comercial a un único operador no caso de que as medidas do posto non fagan posible esta separación física; e recoméndase aos responsables dos postos poñer a disposición da clientela luvas dun só uso.

“En todo caso –lembran dende o Concello– será indispensable o uso de luvas para tocar os produtos en venda”.

Alimentos para Cáritas e protocolo nas igrexas

A Unidade Pastoral de Melide fixo un chamamento a través das redes sociais para que aquelas persoas que viven soas ou que teñen necesidades urxentes ante a alerta sanitaria do coronavirus, tales como “facer a compra, limpeza do fogar, etc” sexan atendidas tanto en Cáritas de Melide como Cáritas diocesana de Lugo.

Do mesmo xeito, tamén comunicaron que precisan de diversos alimentos non perecedoiros como “conservas, leite, aceite ou galletas”.

Os alimentos son recollidos na igrexa parroquial de Melide en horario de 10:00 a 13:00 horas todos os días da semana.

De cara á apertura dos templos e á prevención de contaxio de COVID-19, dende a Unidade Pastoral de Melide tamén quixeron lembrar as recomendacións a seguir na igrexa de San Pedro de Melide.

Ademais do uso de máscaras e xel hidroalcohólico, non haberá auga bendita nas pías e o aforo será de 48 persoas, sempre gardando as distancias. Os bancos e os lugares para sentarse estarán marcados. Limparase a igrexa todos os días facendo especial fincapé nos bancos, portas e pomos. As visitas turísticas non están permitidas e a igrexa estará aberta entre as 8.30 e as 20.30 horas.

Toques: reforzo nos servizos sociais e "atención telefónica constante"

Galicia entrou o luns 11 na fase 1 da desescalada e iso implica menos restricións e algo máis de liberdade, pero en localidades como a de Toques os cambios percíbense doutra maneira. Para un concello principalmente rural e cunha poboación de pouco máis de 1.120 habitantes non é de estrañar que as limitacións fosen algo máis doadas de cumprir.

"En Toques a xente segue facendo os seus labores, coidando as súas explotacións, iso si notamos que foron moi prudentes, que non houbo aglomeracións de xente porque cada un traballaba pola súa conta, e agora xa comezamos a ver un pouquiño máis de xente andando pola rúa, paseando, sobre todo xente maior", di o seu alcalde Miguel Buján.

Tan ben o fixeron que Toques foi dos poucos municipios que se mantivo a cero no número de contaxios por coronavirus. "Desde que se decretase o estado de alarme e o confinamento tratamos de axustarnos en todo ás medidas que se ditaban; no Concello hai unha persoa todos os días e atendemos o público telematiamente e, se é urxente de forma presencial –comenta o alcalde–, incidimos especialmente na atención ás persoas máis necesitadas xa que tivemos algún caso puntual, tamén á terceira idade, no servizo de axuda a domicilio, reforzándoo; estamos en contacto diario tanto coas persoas traballadoras de axuda a domicilio como cos usuarios; repartimos alimentos a aquelas persoas que o necesitaron ou que o pediron, igual que os medicamentos á xente que nos chamou", engade.

Ao igual que á poboación de máis idade, tamén dende o Concello de Toques prestaron servizo aos máis novos. "Na medida do posible axudamos aos nosos escolares, xa que os nenos que non tiñan posibilidade de acceder telematicamente ás súas tarefas imprimímoslle os deberes e entregámosllos na casa".

Actividades suspendidas

Como é lóxico, as actividades que estaban en marcha no Concello de Toques quedaron automaticamente suspendidas e continuarán así ata que "se levante o estado de alarma e haxa unhas garantías".

Non obstante, na administración local traballan para ir recuperando o día a día. "En canto se vaian abrindo prazos iremos atendendo solicitudes, expedientes que hai e irémolos sacando adiante. Pero o máis importante é que hai unha atención telefónica constante a quen o precisa procurando servir no que podemos, especialmente no reforzo dos servizos sociais que é o que máis nos afecta", insistiu o rexedor local.

Miguel Buján non quixo desaproveitar a ocasión para amosar a súa satisfacción ante o comportamento exemplar dos seus veciños durante os días máis estritos de confinamento, así como "o agradecemento público a todas as empresas de carácter local que nos subministraron equipos de protección, e a outras entidades que colaboraron aportando ao Concello tablets e material necesario para os nenos que non o tiñan".

Doan pantallas protectoras para o persoal do centro de saúde

A iniciativa solidaria "CoronavirusMakers Galicia", que elabora pantallas de protección para doar a hospitais, centros de saúde e outros organismos, tamén chegou á comarca; concretamente ao concello de Toques.

En colaboración coa Garda Civil, que se encargou do seu reparto, distribuíronse pantallas de protección en diferentes puntos de toda a comunidade, entre eles o Centro de Saúde de Toques que recibiu o material de mans dos axentes da Garda Civil.

"CoronavirusMakers" é unha iniciativa sen ánimo de lucro que engloba a preto de 2.000 persoas coordinadas a través das redes sociais e que de forma voluntaria e totalmente altruísta xa fabricaron con impresoras 3D máis de 22.000 pantallas de protección.

Ademais de o Centro de Saúde de Toques, a Garda Civil colaborou facendo a entrega deste material ao persoal sanitario de ambulatorios como o de Touro, Rois e Brión entre outros.

Foto: G.C.

"Será preciso adoptar todas as medidas posibles, pero hai que ir sen medo"

Noelia García ten aberto o prazo de preinscrición na casa niño de Toques

Foto: N.G.

A pandemia do coronavirus pillounos a todos por sorpresa e con algún que outro proxecto en marcha ou a piques de abrir. Un exemplo é o da casa niño de Toques que, á espera de pasar a pertinente inspección, xa tiña todo listo para comezar a prestar os seus servizos dende o pasado mes de febreiro.

Agarimo, que así se chama a casa niño de Toques, ten agora aberto ata o 15 de maio o prazo de preinscrición para o próximo curso 2020/2021. "Sería xa de cara a setembro, porque este curso ao final non puiden abrir, xusto o día 11 veu unha inspección e ía abrir sobre o 13 ou 14 de marzo pero decretouse o estado de alarma e non puiden facelo", comenta Noelia García Bran, educadora infantil responsable do servizo.

Incerteza sobre a apertura o 24 de maio

Centrada na preinscrición do curso que vén, Noelia non ten confirmación oficial aínda sobre se poderá abrir ou non o vindeiro 24 de maio. "En principio, segundo as informacións da Xunta de Galicia, está previsto que se abra o 24 deste mes para aquelas familias que necesiten conciliar e que os proxenitores traballen fóra, pero non temos confirmación algunha; de momento o único que nos dixeron dende a administración é que nos ían enviar un protocolo de actuación para cando puidésemos abrir e ver que medidas tomar, pero está todo un pouco no aire".

Á espera de confirmación oficial e de recibir un protocolo, a previsión do goberno é que os centros infantís para menores de 6 anos abran o día 24 de maio para aqueles pais que teñan que conciliar e teñan o pertinente xustificante de traballo.

Sen medo, pero con precaución

Se ben é certo que se trata dun sector de risco, ao estar en contacto directo con nenos e con medidas de seguridade como o distanciamento persoal imposibles de cumprir, Noelia amósase segura á hora de prestar un servizo como o da casa niño nas circunstancias actuais. "Eu creo que estando no rural contamos cunha gran vantaxe, e penso tamén que hai que empezar a funcionar; non é o mesmo unha escola infantil nunha gran cidade que aquí, que tes menos nenos; nese sentido non teño medo", di. "Será preciso adoptar todas as medidas que poidamos, pero sen medo, porque ao final o medo non fai nada e co virus imos ter que seguir convivindo", engade.

Curso 2020/2021

Con catro matriculados xa (o máximo é de cinco), no caso de que pasada a data límite de preinscrición quedasen prazas vacantes, a casa niño de Toques abrirá de novo outro prazo ata que se cubran.

En canto aos requisitos necesarios para poder facer uso deste servizo, que é totalmente gratuíto para as familias, están os de estar empadroados no Concello de Toques e que o neno ou nena cumpra co calendario de vacinación. Ademais, os nenos e nenas (de 3 meses a 3 anos) poderán permanecer na casa niño un máximo de oito horas diarias de luns a venres.

Lo paramos si no te confías. **Lo paramos** si te mentalizas de que no va a ser fácil. **Lo paramos** cada vez que te lavas las manos. **Lo paramos** cuando te reúnes por videoconferencia. **Lo paramos** si te quedas en casa. **Lo paramos** si viajas solo cuando es imprescindible. **Lo paramos** si evitas lugares concurridos. **Lo paramos** cuando no compartes información falsa. **Lo paramos** si ayudas y haces caso a nuestros profesionales sanitarios. **Lo paramos** cuando confías en que vamos a superar esto.

#ESTE VIRUS LO PARAMOS UNIDOS

**DETENER EL CORONAVIRUS ES RESPONSABILIDAD DE TODOS Y TODAS.
SI TE PROTEGES TÚ, PROTEGES A LOS DEMÁS.**

WWW.MSCBS.GOB.ES

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE SANIDAD

A desescalada na comarca, en imaxes

Melide

Melide

Melide

Melide

Toques

Toques

Santiso

Santiso

Santiso: medios de protección para todos os veciños e profesionais

O temor a un posible contaxio provocou que algúns usuarios prescindisen do servizo de axuda no fogar

Santiso é outro dos municipios da comarca da Terra de Melide de carácter eminentemente rural que, aínda que en menor medida, tamén viu alterado o seu día a día a causa da pandemia do coronavirus.

Decretado o estado de alarma, entre as medidas adoptadas polo Concello nos primeiros momentos estiveron o reparto de máscaras entre os veciños e o persoal profesional máis necesitado. "Nun primeiro momento repartíronse dúas mascarillas en cada casa, pero tamén lles trasladamos aos veciños que de precisar máis nolo fixeran chegar", explicou o alcalde, Manuel Adán. Tamén ser realizaron, e continúan facéndose, labores de desinfección "nos sitos de maior concorrencia".

Xa inmersos nas fases da desescalada, está claro que localidades como a de Santiso terán menos restricións por exemplo en canto á mobilidade, e que será máis doado tamén unha posible recuperación económica trala crise sanitaria. "Está claro que a incidencia non vai ser tanta como ao mellor noutros concellos como Melide por exemplo, este é un concello máis rural, pero noutra medida si que nos afectará tamén; hai xente en ERTES, tamén hai bares que tiveron que estar pechados; así que a menor escala, pero tamén haberá certa incidencia", apuntou Adán.

Baixas do servizo de axuda a domicilio

Sobre o que si incidiu a crise sanitaria do COVID-19 en Santiso foi sobre o servizo de axuda a domicilio, pois segundo apuntou o rexedor local foron varias as persoas que decidiron prescindir da prestación. "Si que se nos deu o caso curioso de que houbo bastante xente que quería darse de baixa no servizo de axuda no fogar, que se acabaron dando de baixa e que de feito aínda seguen nestes momentos; entendemos que ao mellor non quixeron seguir por medo ao contaxio, e aínda que tivemos unha alta a maiores en global foron máis as baixas que as altas".

Tratando de recuperar pouco a pouco a normalidade, dende o Concello lembraron que a administración continúa aberta todos os días pero que o recomendable é non achegarse a non ser que sexa por un motivo "urxente, necesario e inaprazable". Mentres, o traballo administrativo segue desenvolvéndose e o resto de actividades suspendidas ou aprazadas.

Amplíase ata o 15 de xuño o prazo para solicitar as axudas da PAC

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou xa a orde da Consellería do Medio Rural que amplía ata o 15 de xuño o prazo que teñen os agricultores e gandeiros para solicitar as axudas da PAC.

A orde modifica a emitida o pasado 12 de febreiro co obxectivo de dar resposta ás restricións levadas a cabo por mor do coronavirus, que impediron que moitos interesados se puidesen achegar aos bancos ou ás entidades de aconsellamento que colaboran coa administración para a tramitación destas achegas.

Deste xeito, a orde establece que as solicitudes únicas destas axudas se poderán presentar de xeito telemático ata o 15 de xuño. Mentres, finalizará o día 30 do mes que vén tanto o prazo de modificación das solicitudes únicas como o prazo de presentación das solicitudes de alegación do SIXPAC e das comunicacións da cesión de dereitos de pagamento básico.

Prevese que uns 27.000 agricultores e gandeiros soliciten estas achegas, que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria e que son de gran interese para o sector primario.

Grazas a estas axudas conséguense reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se potencia os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente.

A Consellería do Medio Rural traballa con máis de 50 entidades colaboradoras para prestar apoio ás persoas interesadas nestas achegas, como son as entidades bancarias, asociacións agrarias, organizacións profesionais e as entidades de aconsellamento.

Un ano despois "aclaran" quen derruíu a presa de Barazón, en Santiso

Un ano despois, e en plena loita contra a pandemia do virus do COVID-19, os veciños de Santiso obtiveron resposta as súas preguntas sobre "quen e con que autorización" se derrubou a presa construída no río Ulla ao seu paso pola parroquia de Barazón; unha presa empregada polos veciños como zona de baño e recreo, e tamén para abastecer ao muíño das Cañizas.

A resposta remitida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia vén a dicir que Augas de Galicia participou nun proxecto de recuperación de flora na cunca do río Ulla para o que se fixo necesario a demolición de certos obstáculos. Con todo, a resposta da Consellería non despexa dúbida ningunha pois segundo relata o escrito "coa información achegada non se pode identificar se o azude que indican está dentro dos azudes eliminados no proxecto".

E non só iso, senón que, de ser derruída dentro dese proxecto a administración bota balóns fóra aludindo a que os responsables foron outros, tal e como pode lerse no escrito: "a execución das medidas proxectadas foi realizada pola antiga Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas" dentro das actuacións de dito proxecto.

A indignación ante a resposta foi tal que pasada esta situación de alerta sanitaria os veciños non descartan novas reclamacións.

Refráns, contos, lendas e cantigas para celebrar as Letras Galegas en Santiso

Ricardo Carvalho Calero
Foto:RAG (Retrato de Moncho Rama)

Con motivo do día das Letras Galegas, que se celebra o 17 de maio e este ano está dedicado a Ricardo Carvalho Calero, o Concello de Santiso lanzou unha iniciativa entre os veciños.

"Todos aqueles que poidades e queirades tedes que enviarnos algúns refráns, contos, cantigas e lendas para recompilar e publicar posteriormente, poñendo os vosos datos (nome completo, parroquia e teléfono)", explicaron dende o Concello.

O prazo para enviar os traballos está aberto ata o 17 de maio e pódese facer a través do WhatsApp do Concello ou do correo electrónico teresa.mato@santiso.gal

O Museo da Terra de Melide pospón a súa reapertura a xuño

Centrarán o seu traballo en labores interactivos e prevén recuperar as actividades en grupo en outono

En condicións normais o Museo da Terra de Melide tería que abrir as súas portas a comezos do mes de maio, tal e como veu facendo nos últimos seis anos tralo parón obrigado dos primeiros catro meses por falta de financiamento.

Pero este ano atopouse coa dificultade engadida de ter que adaptarse ás restricións impostas que o Goberno central decretou para evitar a propagación do coronavirus durante as diferentes fases da coñecida como desescalada.

Isto propiciou que dende o Museo considerasen retrasar a súa apertura un mes máis; é dicir a comezos do mes de xuño. "Segundo o permitido nas distintas fases poderiamos abrir cun aforo do 30%, cumprindo con todas as medidas de seguridade, pero non imos abrir ata primeiros do mes de xuño", confirmou Cristina Vázquez, responsable do Museo.

A decisión foi tomada en base a diferentes criterios. "Primeiro, que sabemos que non imos ter público ningún porque, quen vai visitar o Museo, non hai peregrinos, non hai turistas, non hai grupos escolares; e segundo porque temos que cumprir coas medidas sanitarias, habería que desinfectar o Museo cada vez que entrase unha persoa e de momento aínda non temos a capacidade de facelo, temos que prepararnos para iso", engadiu.

Con esta situación dende o Museo preferiron agardar a unha fase da desescalda máis avanzada e con máis permisividade de cara a posibles visitas para poder abrir. Mentres, ata comezos de xuño, prepararanse para adoptar todas as medidas de hixiene e seguridade necesarias nas instalacións.

Traballo interno

Se ben é certo que actividades como presentacións de libros, visitas guiadas ou saídas nocturnas que se viñan facendo quedan agora no aire á espera de redeseñar o seu funcionamento, o que si se vai continuar desenvolvendo dende o Museo no momento no que se abran as súas portas é o traballo interno.

"As actividades que implican contacto directo co público neste ano en principio ímolas dar por descartado, non contamos con iso; si que imos abrir as nosas portas pero imos orientarnos máis a traballos interactivos como por exemplo introducir o Museo na web. Iso non quere dicir que se alguén se achega non poida visitar o Museo, xa digo, as portas van estar abertas para visitalo cumprindo todas as medidas de seguridade, pero o noso traballo este ano vai ir máis encamiñado ao ámbito interactivo", apuntou Cristina.

Con todo, e vendo como se van desenvolvendo as circunstancias en relación ao control da pandemia do coronavirus, dende o Museo da Terra de Melide agardan poder recuperar este tipo de actividades "máis de contacto físico" de cara ao outono.

Ata un 90% menos de visitantes

A crise sanitaria do COVID-19 tamén vai deixar pegada no Museo da Terra de Melide, e é que tal e como indicou a súa responsable vai afectar en canto ao número de visitantes. "Obviamente imos ter moitos menos; mentres non se poida viaxar entre provincias seguramente xa non teñamos ningún visitante, e despois mentres non poidan vir os estranxeiros, posiblemente tampouco".

De feito, dende o Museo da Tera de Melide cren que este ano non haberá practicamente peregrinos que visiten as instalacións, e contan con ver reducida a afluencia de visitantes ata nun 90%.

Os xogos tradicionais galegos, ao rescate durante o confinamento

Páxina web onde poden consultarse os diferentes xogos tradicionais e que se actualiza cada día: http://xogos-tradicionais-corentena.weebly.com/

Moitos días de confinamento e nalgúns casos complicados de levar, pero se algo non faltou foron iniciativas para pasar o tempo.

Entre esas iniciativas destaca a difundida pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional e posta en marcha pola rede Patrimonio Lúdico Galego.

Trátase dunha páxina web con diferentes e variados recursos relacionados cos xogos tradicionais galegos, que ademais poden ser practicados nas casas e con espazo reducido.

"A idea xurdiu –explicaron– como forma de contribuír a facer máis pasadeira a situación de alarma", pero tamén co obxectivo de "reivindicar o tempo de xogo como un valor que non debemos perder, un patrimonio que temos que coidar e que responde moi ben a estas situacións onde se nos pide parar (non consumir, non saír), nun momento no que as novas tecnoloxías non o poden ocupar todo".

Desta alternativa de ocio é preciso destacar que co paso dos días van aumentando o número de xogos e que poden practicarse en calquera momento.

Entre os recursos que se foron incorporando atópase o xogo da ra caseira, as sombras máxicas, construción dunha mesa con papel, unha araña con tapóns de botella, ademais de cómics e tebeos accesibles entre outras moitas propostas.

A rede de Patrimonio Lúdico Galego, da que forman parte persoas, asociacións e empresas relacionadas co xogo tradicional, sumouse así ás múltiples iniciativas solidarias de creación de recursos en tempos de confinamento, pero que perfectamente poden ser aproveitables unha vez superada esta situación.

Este recurso é só un exemplo, pero cumpre salientar que no seu labor de difusión e promoción a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional organiza dende hai trece edicións o Campionato de Tirapedras da Galiza Central con grande éxito de participación.

Pesca... agora si, agora non...

A rapidez coa que se están a desenvolver os acontecementos fai que moitas veces non teñamos claro o que está permitido e o que non ao amparo do estado de alarma. Iso é o que está a acontecer coa pesca deportiva.

Neste senso, dende a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide enviaron sendas cartas tanto á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia como ao Ministerio de Transición Ecolóxica do Goberno central, reclamando o carácter deportivo da pesca fluvial.

"Nun primeiro momento só podían ir a pescar os federados, que son uns 400 en Galicia, e os Deportistas de Alto Nivel, que en toda a comunidade só hai un; do resto, dos 90.000-100.000 cañistas que somos non poderiamos ir a pescar ata o día 25 de maio, algo que nos pareceu ilóxico", explicou o presidente do colectivo, Xavier Pazo.

Non obstante, unha interpretación da orde publicada o 30 de abril no Boletín Oficial do Estado (BOE) que regula as medidas da fase O da desescalada serviu para que a Xunta de Galicia restablecese a pesca fluvial e marítima en todas as súas modalidades; orde que foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), e que permitiu a práctica por uns días ata que, de novo o luns 11 de maio, coincidindo co cambio de Galicia á fase 1 da desescalada, e segundo a orde ministerial publicada no BOE, a pesca fluvial e marítima volveu quedar prohibida. Desta vez, previsiblemente ata que pasemos á fase 2 aínda que podería haber cambios.

Actividades suspendidas

Deixando a un lado todo este enredo e á espera de que se aclare para saber se poderán saír de novo a pescar ou non, a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide ten suspendidas a maior parte das actividades que anualmente programan.

"Para o día 16 de maio tiñamos previsto por exemplo outro campionato de pesca, pero xa o temos suspendido porque aínda que nos permitisen pescar a comida non se podería facer. E ao igual que ese todos os campionatos previstos para este ano, que quedan suspendidos, e o único que temos en dúbida son as xornadas de limpeza, que como son a finais de agosto e comezos de setembro pensamos que igual o podermos facer, aínda que non o sabemos con certeza", indicou Pazo.

Do mesmo xeito quedan pendentes de confirmar os talleres que se organizan en setembro e outubro, segundo se vaian desenvolvendo os acontecementos.

Eventos cancelados

Dende que se decretase o estado de alarma foron moitos os eventos que semana tras semana se foron cancelando. A incerteza sobre os posibles cambios nas medidas sanitarias de seguridade que se están tomando para frear o avance do virus do COVID-19 fan que moitos organizadores opten pola cancelación en vez do aprazamento.

Os 21 do Camiño

É o caso da cita deportiva da comarca por excelencia, a media maratón Os 21 do Camiño Palas de Rei – Melide, que estaba prevista para o 20 de xuño e definitivamente foi suspendida.

"Ante a imposibilidade de cambiar de provincia ata o día 22 de xuño e o descoñecemento do que será a "nova realidade" decidimos suspender e non aprazar a proba", di o comunicado emitido pola organización, a Asociación Deportiva Cerne.

Ademais engaden que "a inscrición do ano 2020 será válida para a edición de 2021. Todos aqueles que prefiran cancelar a súa inscrición e que se lle reembolse o importe do dorsal, só terán que comunicalo durante o próximo mes de maio no mail consulta@championchipnorte.com. En maio de 2021 voltaremos a abrir as inscricións cos dorsais devoltos", engaden.

Festival Motorock Milli-Riders

Outro dos eventos cancelados foi a oitava edición do Festival Motorock Milli-Riders que tiña previsto celebrarse en Melide os días 26, 27 e 28 de xuño, e que este ano ía contar coa actuación de Heredeiros da Crus. "Con moita pena, pero dada a situación pola que estamos pasando todos, e faltando pouco tempo para a concentración deste ano, a organización vese na obriga de cancelar a concentración do 2020, pero unha vez que esto se solucione poñerase en marcha a maquinaria para organizar o 2021 que será unha festa polo grande", comunicou a organización.

Melide SBK Festival

Tamén o Melide SBK Festival tivo que ser aprazado. A súa celebración estaba prevista para os días 18 e 19 de xullo, pero tal e como informaron dende a organización, "cancelamos e pospoñemos o noso Melide SBK Festival e concurso Camiño de Santiago de bailes latinos ata que sexa posible voltar a facelo con toda a tranquilidade tanto para os artistas como para os asistentes". Nesta ocasión estaba previsto que participasen en Melide "mais de 40 artistas a nivel autonómico, nacional e internacional".

Corazón de tinta Alumnado do IES Melide

Unión e sentidiño

Asier Polo Abad
(Alumno do IES de Melide)

Certo é que todo o que poidamos escribir neste momento acerca do mundo que nos espera tras a pandemia é incerto.

Pero o que si é real é que foi necesaria unha catástrofe do nivel da actual para unir practicamente a totalidade da poboación do noso país arredor dun obxectivo común: derrotar o virus. As mostras de solidariedade nestes días e semanas son incontables e, persoalmente, parécenme emocionantes.

Chegados a este punto debemos comezar a pensar nese neoloxismo ao que tantas voltas se lle dá, a *desescalada*, e tratar de imaxinar como viviremos nos próximos meses.

Levamos preto de dous meses sen poder mostrar o noso afecto e admiración ante os máis queridos. O sentimento entre nós e os achegados é recíproco, esperamos impacientes o momento de volver atoparnos nun mesmo camiño e recibir a máis fonda das apertas.

A xuízo propio, creo que estamos preto de alcanzar este momento, pronto poderemos reencontrarnos, pero todo será diferente. A curto prazo, estou seguro de que na nova normalidade imos ter que prescindir de numerosos bens e servizos. Non sabemos o que tardaremos en ir de novo a un concerto, a un teatro, a un evento deportivo… Non sabemos se poderemos viaxar libremente, probablemente non. Non sabemos como se desenvolverá o noso traballo diario e, por non saber, non sabemos se poderemos "tomarlle unha" no bar de confianza, como se di por aquí.

En calquera caso, o avance da pandemia marcará os nosos pasos e as cousas cambiarán, pero saberemos adaptarnos, non teño ningunha dúbida. E si, oxalá a longo prazo, isto que nos tocou vivir sirva de precedente para manter a unidade e a solidariedade que marcan os nosos días.

Sen despedida

Sofía Novo Vázquez
(Alumna do IES Melide)

Entra o sol a través da fiestra mentres só se escoita o lixeiro rebulir do vento que se filtra por embaixo da porta. Cada día amence igual, sen présa pero con inquedanza. Que pasará mañá? O caos avanza en silencio mentres o tempo transcorre e con el a vida e as vidas. Hoxe foi distinto, saín do bucle sen te poder volver bicar.

E de súpeto, todo cambiou

Carolina Sánchez González
(Alumna do IES Melide)

"Hai que paralo todo, non saiades da casa", dixéronnos. Dende logo, non semellaba unha orde demasiado complexa, mais nada máis lonxe da realidade. Dun momento a outro, as nosas vidas mudaran por completo. Tivemos que adaptar o noso modo de comunicarnos coa xente, o noso modo de traballar, o noso modo de mercar, o noso modo de exercitarnos… Pero ante todo tivemos que parar, e iso foi o menos sinxelo de todo tendo en conta que o mundo no que viviamos rexíase pola lei das présas, do desesperado intento por ser máis e máis produtivos, de correr e correr dun lado para outro, de facer, de ir, de vir…

Tanto é así que esqueceramos o que era pasar tempo a soas con nós. A sensación de angustia non era só por non poder saír á rúa, senón tamén por non ter outra alternativa a atoparnos cara a cara con nós mesmos, con nós mesmas, e descubrir que levabamos demasiado tempo sendo, no noso interior, uns auténticos descoñecidos.

Tamén esqueceramos o que era ter tempo de máis, tempo para reflexionar. Pensar en nós, no rumbo que tomaran as nosas vidas; nos nosos seres queridos, aos que quizais non prestaramos toda a atención que merecían; pensar no mundo, nisto tan grande que está a pasar; tamén naquelas outras cousas que son igual de grandes pero das que non se fala todos os días porque incomodan a conciencia.

Non foi fácil, pero reaprendemos a ser pacientes, a valorar, a querer, a ser solidarios, a ser responsables, a pensar no conxunto en lugar de ver só o noso embigo e démonos conta das verdadeiras prioridades. E se algo sabemos, é que o mundo nunca volveu ser o mesmo. Desconectamos para reconectar.

"Moza decadente", de Ramón Casas

Ana Prieto Rodríguez
(Alumna do IES de Melide)

O chan reloce de tal xeito que poderías comer os tres doces distintos que cociñaches onte enriba del: o de mazá, a torta da avoa que xa callou no frigorífico e o biscoito de laranxa para almorzar esta semana. Visitaches máis museos no último mes dos que chegarás a pisar en toda a vida, por non falar dos documentais de *National Geographic* e dos artigos culturais que rulan polas redes. Entrar en Twitter xa non ten graza, porque recoñeces tres memes por cada pestanexo. Despois do continuo maratón de pelis alemás das últimas semanas, xa te sorprendes a ti mesma bisbando "Guten Morgen!" polas mañás e refunfuñando polo baixo murmurios de son gutural… Xa mudaches a cama dúas veces, aprendiches a facer o pino, probaches a comida chinesa, tocaches un par de acordes na guitarra e sementaches todas as froitas que comiches ata agora en botellas de Coca-Cola. E agora, que, amigas?

A parte que máis me gusta do meu corpo

Ana Prieto Rodríguez
(Alumna do IES de Melide)

Comezas cun esplendoroso acorde de do maior
e, cando te decatas,
xa saltaches o xantar,
a merenda
e mais a cea.

As xemas dos dedos,
hipertróficas,
petan áxiles contra o mastro.
Mais Haydn non o pon sinxelo.
Dor física.

E entre nota e nota,
fatiga
e desesperación.

Por iso,
de todo o meu corpo,
os calos nas mans
sempre foron a parte predilecta.

MARÍA JESÚS VÁZQUEZ PANDELO, ESPOMASA POLIURETANOS

“Repartimos entre 10.000 e 12.000 mascarillas aos concellos da bisbarra”

Se preguntamos, seguro que a resposta sería a mesma: ninguén agardaba a chegada dunha pandemia en pleno 2020, e menos con semellante magnitude en canto a consecuencias persoais e económicas. Pero ante esta situación houbo quen soubo readaptar a produción e manter a pleno rendemento o seu negocio. É o caso de Espomasa Poliuretanos, unha empresa de Toques dedicada á fabricación de colchóns que adaptou a súa maquinaria para poder producir máscaras de protección.

Tras varias doazóns a numerosos concellos da comarca e arredores, agora atenden pedidos que chegan de diferentes puntos de Galicia e tamén de fóra. Esta nova liña de produción permitiu empregar a un amplo grupo de mulleres costureiras de Melide e incluso a adaptación dunha nova máquina para fabricar máscaras para os máis pequenos. Está claro que da necesidade máis extrema tamén nace a solidariedade e as iniciativas máis grandes.

Algunhas das máscaras elaboradas por Espomasa que (xunto as de Ortopedia Ortosaúde) foron entregadas de xeito desinteresado ao Concello de Melide, entre outros (Foto: Concello de Melide)

- Como xurdiu a iniciativa de facer máscaras para a poboación?

- María Jesús Vázquez Pandelo (M.J.V.): A iniciativa xurdiu a raíz de que vimos que no noso sector, o do colchón, non podiamos traballar porque a maioría dos nosos clientes estaban pechados. Así que decidimos poñer a traballar unha máquina, unha das que facía as platabandas dos colchóns, preparándoa e adaptándoa para facer mascarillas. Era unha forma de axudar, e logo de seguir traballando.

- Como son ás máscaras que elaboran?

- M.J.V.: De tres e cinco capas. As de tres capas teñen que pasar un ensaio para poder cumprir a normativa, e unha vez que pasan o ensaio xa se poden producir. E mentres facemos as de cinco capas, que estas, ao ter cinco capas xa cumpren a normativa sen necesidade de pasar ningún ensaio.

- Cando comezaron a elaborar este tipo de material?

- M.J.V.: Arredor do 20 de marzo, máis ou menos.

- Repartiron vostedes máscaras de xeito solidario. A que zonas?

- M.J.V.: Si, nun principio foi o que fixemos, elaboralas e doalas a varios Concellos, tamén para que dese xeito soubesen que as estabamos producindo. Doamos ao Concello de Melide, ao de Toques, a Palas, a todos os concellos da bisbarra e arredores. Despois diso, a raíz de saber das doazóns, foi cando máis Concellos comezaron a facernos pedidos de mascarillas e agora servimos tanto a concellos da Coruña, como de Pontevedra, Lugo e moitas outras zonas.

- Entendo que estes pedidos xa son para vender?

- M.J.V.: Si, agora xa é todo venda de mascarillas. Grazas a iso contamos con preto de 25 - 30 mulleres de Melide traballando para nós.

- Que volume de produción manexan nestes momentos?

- M.J.V.: Deixando a un lado as doazóns, que foron sobre unhas 10.000 – 12.000 mascarillas, agora a nosa produción anda nas 32.000 mascarillas diarias as que son de 5 capas; e coas que son de 3 capas chegamos ás 50.000 ao día tranquilamente. E son vendas que facemos ao pormaior; por exemplo, á parte dos Concellos pedíronnos varias empresas. É o caso da FINSA, á que estamos servindo e a todas as súas instalacións, como a que ten en Francia ou en Portugal.

- Foi complicado o proceso de adaptación da maquinaria para a produción de máscaras?

- M.J.V.: A ver, difícil... bueno, é certo que non hai nada fácil. Nós adaptamos as pezas e entón iso ten un valor engadido, un coste loxicamente, pero claro, tes que adaptarte aínda que haxa que gastar en preparar certas máquinas. Máis que nada porque ao final ves que podes seguir producindo, e ves que a xente tamén se adapta porque traballar coa platabanda dos colchóns é moi similar, así que ao final ben, moi ben.

- Continúa Espomasa traballando a pleno rendemento entón?

- M.J.V.: Si, si, de feito nós non paramos ningún día. Ten en conta que ademais das mascarillas tamén nos pediron colchóns para hospitais de campaña e camas articuladas. Pedíronnos camas para Vigo, para Coruña, para Madrid e máis sitios, non recordo a cifra exacta pero igual repartimos xa 1.500 camas.

- Dende o seu punto de vista, cren que esta situación se vai prolongar no tempo?

- M.J.V.: Particularmente eu vexo que esta situación vai para largo, por iso decidimos adaptar tamén as máquinas para a fabricación de mascarillas para nenos.

- Nalgún momento se atoparon con algunha traba administrativa para poñer en marcha a súa produción?

- M.J.V.: Non, nada, en ningún momento. Todo o contrario. A verdade é que temos que agradecer a acollida que tivemos, porque son moitos pedidos, e non só nós temos que estar agradecidos, xa que hai moitas costureiras traballando, foi como darlle un pequeno impulso a ese sector en Melide. De feito, posiblemente teñamos que coller a máis xente aínda. Así que simplemente iso, agradecer a todos os Concellos que colaboraron con nós, que nos compraron a produción, e que por suposto que imos a seguir traballando e producindo para que haxa material suficiente.

> “A nosa produción anda nas 32.000 mascarillas de 5 capas diarias, e coas de 3 capas chegamos ás 50.000 o día”

> “Contamos con preto de 25-30 mulleres de Melide traballando para nós”

> “Tamén nos pediron colchóns para hospitais de campaña e camas articuladas”

Espomasa

Tlf: 981 50 59 71
Lugar de Paradela (Toques)

Campaña
Revisión Auditiva 2020
GRATIS

Instituto de la Sordera

- **AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS**
- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

*Según modelo y durante el 1º año.

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK
life is on A Sonova brand

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

*Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. **MELIDE**

*Mientras dure la Alerta Sanitaria COVID-19 el horario de atención en nuestro centro auditivo de **Melide** es **de 10:00 a 13:00 h** los **LUNES** y **JUEVES**